

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO: 23/24

CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO

## CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO

Sineiro – Vilariño 36633 Cambados

Tif. 886151188 – [ceip.enrique.barreiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.enrique.barreiro@edu.xunta.gal)

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipenriquebarreiro/>



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

PROA+

Programa para a Promoción, Análise  
e Enriquecemento Educativo

POLOS  
CREATIVOS

Programa de Promoción e  
Enriquecemento Educativo



Bibliotecas  
escolares

Programa de Promoción e  
Enriquecemento Educativo

EDUingüe

Centro de Estudos de Lingüas Estrangeiras 2009



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30 de outubro de 2023.

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30 de outubro de 2023.

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 31 de outubro de 2023.

## TÁBOA DE CONTIDO

1.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO.....	4
2.CONCRECIÓN ANUAL DO P.E. ....	6
3.ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.....	7
4.CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA .....	8
5.CONCRECIÓN CURRICULAR.....	12
6.PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. ....	12
7.PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN	15
8.XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO.....	18
8.1 Horario lectivo	
8.2 Horario atención ao público	
8.3 Horario de verán	
9.QUENDAS DE VIXIANZA DOS RECREOS.....	20
10. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA .....	21
11.LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.....	24
12.PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIA E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO	28
13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	31
14.PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE .....	31
15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA..	31
16. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	33
16.1 Transporte Escolar	
16.2 Comedor	
16.3 Plan Madruga	
17.PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	36
18.PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	37
19.PLAN ANUAL DE LECTURA.....	38
20.PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL.....	49

21.PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES.....	53
22.PLAN DIXITAL.....	54
23.PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL .....	55
24.PLAN ABALAR/EDIXGAL.....	58
25. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE.....	59
26. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	60
27.PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL.....	61
28.PLURILINGÜISMO.....	77
29.PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR CONCRECIÓN ANUAL.....	80
30.CONCRECIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.....	80
31.PLAN PROXECTA.....	84
32 CONTRATOS PROGRAMA.....	85
33.OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO .....	89
34.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO .....	92

## IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

- CEIP PLURILINGÜE ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO
- Código administrativo: 36000648
- Código fiscal: Q8655172H
- Enderezo: Sineiro s/n San Adrián de Vilariño, 36633 Cambados
- Teléfono:886151188
- Enderezo electrónico: [ceip.enrique.barreiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.enrique.barreiro@edu.xunta.gal)
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipenriquebarreiro/>
- Rrss:



## 1.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

Partindo dos obxectivos xerais do centro recollidos no PE, e tras a avaliación xeral levada a cabo das memorias do curso pasado e da análise por parte do equipo directivo da situación actual, propoñémonos os seguintes obxectivos para este curso:

### **a)Obxectivos relativos ao ámbito educativo-pedagóxico**

- Desenvolver actitudes de respecto, empatía e tolerancia no noso alumnado, rexeitando toda forma de violencia por mor de sexo, raza, relixión... valorando a multiculturalidade e favorecendo a resolución pacífica de conflitos para unha mellor convivencia.
- Facilitar o traballo do DO para favorecer a atención e a inclusión do alumnado con NEAE dentro das **aulas ordinarias**: mellorar a detección de necesidades e a posta en marcha de mecanismos para dar resposta ás súas necesidades.
- Organizar os horarios de tal xeito que cada grupo teña varias sesións semanais de **docencia compartida** para favorecer desdobres, flexibilizacións, traballo na biblioteca, radio escolar, etc.; de xeito que se favoreza a metodoloxía de traballo por proxectos e a vivenciación e manipulación na materia de matemáticas, tratando ademais de favorecer a atención individualizada ao alumnado con NEAE.
- Impulsar a aprendizaxe cooperativa.
- Favorecer e potenciar o desenvolvemento dos PFPP que se levan a cabo no centro, para favorecer o afondamento e implantación de metodoloxías innovadoras.
- Facilitar e impulsar os proxectos interdisciplinarios de centro. Para este curso se abre un proxecto de centro titulado “**O mundo nunha viaxe**”.
- Reforzar o acordo do traballo, cando menos en **dúas áreas** dos diferentes cursos de educación primaria, **sen libro de texto**, coa intención de favorecer o traballo por proxectos.
- Desenvolver, mellorar e enriquecer as seccións plurilingües na área de Educación Plástica na etapa de primaria e o programa Plurin infantil na etapa infantil.
- Mellorar e potenciar o desenvolvemento do programa EDIXGAL nas aulas de 5º e 6º curso de EP.
- Participar, como nos cursos pasados, nos contratos –programa: ,Inclúe-t e
- Innova- e os proxecta + para mellorar e enriquecer o proceso de ensino/aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a identificación de emocións e desenvolver habilidades para a xestión das mesmas a través da participación no programa de **EDUCACIÓN RESPONSABLE**.
- Desenvolver a práctica de deporte como divertimento e como complemento a un estilo de vida activo coa participación do centro no **XOGADE** (Deporte Escolar) para iniciar ao noso alumnado en diversas actividades deportivas.
- Promover a **conciencia ecolóxica e a sustentabilidade**, tendo como referentes os Obxectivos de desenvolvemento sustentable 2030, levando a cabo actividades de reciclaxe, compostaxe, horta ecolóxica, consumo responsable e economía circular.
- Fomentar o **uso e posta en valor da lingua galega**, que pouco a pouco vai perdendo falantes na nosa zona.
- Desenvolver actitudes de **coidado e respecto dos animais**.

### **b)Obxectivos do ámbito da xestión e organización de centro.**

- Actualizar, revisar e mellorar os **documentos de centro** e a **páxina web**.
- Dinamizar e mellorar o espazo e organización da **aula de matemáticas** (na actualidade compartida con Arts e Relixión).
- Mellorar os **equipos informáticos**, portátiles, PDI, proxectores... deteriorados, obsoletos, avariados... nas diferentes aulas.
- Reorganizar e mellorar os **espazos patio** para facer recreos máis inclusivos continuando coa colocación de diversos xogos.
- Facilitar e promover a través do concello a participación daquelas familias que o precisen no **Plan Madruga**.
- Mellorar e potenciar o uso do servizo de **comedor escolar** por parte da ANPA do noso centro, como elemento fundamental para a conciliación das nosas familias.
- Seguir mellorando e enriquecendo a **biblioteca escolar** como espazo de traballo, de creación, de consulta e de investigación; tanto para o alumnado como para o profesorado e as familias.
- Dinamizar o funcionamento do espazo tecnolóxico e creativo, **Polo Creativo** que potencie o traballo competencial no ámbito das STEM e STEAM. Para cumprir este obxectivo este curso temos 2 horas semanais de talleres interciclos.

### c) Obxectivos relativos ás instalacións.

- Entrar no plan de mellora enerxética:
  - ✓ Eliminar o depósito subterráneo de gasoil, do que non temos coñecemento nin da capacidade nin do estado da estanquidade do mesmo. Revisión anual de dito depósito.
  - ✓ Cambiar radiadores en mal estado e ampliar o número nos espazos onde non son suficientes.
  - ✓ Cambiar as ventás do comedor, baños e toda a denominada zona nova.
- Renovar os baños tanto de alumnado como de profesorado.
  - ✓ Renovación da instalación de fontanería, sanitarios, baldosas,...
  - ✓ Instalación de baño adaptado para discapacitados.
  - ✓ Instalación dunha zona de aseo e cambio axeitada para o alumnado de Infantil.
  - ✓ Ampliación do aula de comedor pois na actualidade temos máis demandantes que prazas de comedor e ten que quedar alumnado sen praza de comedor.
- Redistribuír da zona de conserxaría, sala de fotocopias... para mellorar a funcionalidade destes espazos tanto para profesorado e persoal de administración como para persoal de limpeza e familias.
- Enriquecer os espazos interiores e exteriores promovendo a experimentación e a socialización.
- Solicitar, un ano máis, a colaboración do Concello para que se faga cargo, de xeito máis óptimo, do mantemento do recinto escolar:
  - ✓ Continuar a renovación do peche do recinto escolar, o aramado está en moi mal estado.
  - ✓ Repoñer as planchas plásticas na parte superior da parede da pista cuberta, retiradas ao inicio de curso, así como tamén cambiar a portería do lado das escaleiras que está en mal estado.
  - ✓ Reparar as tubaxes de auga.

- ✓ Cerrar todo o pabillón en canto sexa posible.
- ✓ Facer unha arqueta para a saída de pluviales dos baños do ximnasio,debaixo do pabillón cuberto de infantil xa falado o constructor cos operarios do concello cando se fixero as obras do ximnasio fai tres anos.
- ✓ Limpar a finca colindante e colocación dunha canaleta que recolla as augas da choiva procedentes de dita finca.
- ✓ Construcción dunha rampla para entrar dende o patio de infantil na biblioteca e ximnasio.Esta obra xa foi solicitada nos tempos en que Victor Caamaño era o concelleiro de educación.Debemos procurar ir eliminando as barreiras arquitectónicas no noso centro educativo. Estaba en vías de facerse, pero houbo cambio de concelleiro e agora temos que voltar aos inicios da petición.
  
- ✓ Delimitación de prazas de aparcamento para evitar problemas cos autobuses que entran no recinto.
  
- ✓ Mantemento do pulido do piso dos corredores.  
Renovación e pintado das baldosas do corredor.
- ✓ Renovación dos baños da primeira e segunda plantas.
- ✓ De igual xeito, continuarase solicitando a realización de tarefas de mantemento coa maior frecuencia posible:
  - Limpeza periódica do pavillón cuberto.
  - Revisión e poda anual das árbores do patio. Tala das árbores mortas.
  - Corte da herba do patio tres veces ao ano, unha por trimestre.
  - Limpeza de arquetas e canaletas para que non entre auga para o colexio cando choiva por estar as canaletas atascadas con follas. Tamén arranxo das canaletas en mal estado.

## 2.CONCRECIÓN ANUAL DO P.E. MODIFICACIÓNS DO P.E.

En canto o Proxecto Educativo do noso centro,neste momento,cabe dicir que este documento está en período de revisión.

O Ceip Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro conta este curso con 9 unidades en total.Tres unidades mixtas de Educación Infantil e seis unidades de Educación Primaria. En Educación Infantil continúa co Programa Plurininfantil, cunha sesión semanal de Arts impartida por un especialista en inglés ademáis dunha hora semanal coa auxiliar de conversa. Tamén impartimos unha sesión diaria de psicomotricidade nesta etapa.

En Educación Primaria tamén seguimos co Programa de Plurilingüismo en toda a etapa, integrando no horario semanal lectivo, unha sesión de Educación Artística- Plástica impartida en inglés e tamén cada curso conta cunha sesión semanal coa auxiliar de conversa. Este ano participarase no programa Polos Creativos e faremos 2 horas semanais de obradoiros . As matemáticas manipulativas terán a súa continuidade a nivel aula. Os niveis de 3º e 4º de EP terán unha sesión semanal de robótica, impartida polas suas respectivas titoras, para adestralos de cara a participación na First Lego League dentro da modalidade Explore.

Coa implementación da LOMLOE en todos os cursos, tendo ademais a asignatura de plástica en inglés tanto en E.Infantil coma en E.Primaria (pluriinfantil e plurilingüe), modificouse o reparto de linguas nas que se imparte cada materia.

**Expoñemos o cadro coa distribución para este curso no anexo I.**

### 3. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

· Agrupamentos e distribución do alumnado:

Curso	Grupo	Nºde alumnos/as	Nºalumnado repetidores	Nº alumnado NEAE	Sesiões de apoio dun/ha mestre-a	Sesiões de apoio PT/AL	Sesiões de apoio Plan Recupera
Infantil	A (4º-5º-6º)	15	0	7	4	3'5	0
Infantil	B (4º-5º-6º)	13	0	2	3	1	0
Infantil	C (4º-5º-6º)	12	0	3	3	1	0
1º EP	A	21	0	10	2	5'5	0
2º EP	A	23	0	11	8	11	0
3º EP	A	23	2	7	2	5	3'5
4º EP	A	16	0	4	2	1'5	3'5
5º EP	A	18	1	2	2	1'5	4
6º EP	A	21	3	7	2	3	3'5

#### **Estratexias metodolóxicas e organizativas:**

Por estratexias enténdense aquelas actuacións de índole, tanto organizativas como curriculares, que se poidan levar a cabo no proceso de planificación ou no desenvolvemento dos procesos de ensino – aprendizaxe, para atender á diversidade do alumnado.



Estas actuacións estarán dirixidas principalmente a acomodar o proceso de ensino – aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a co fin previr ou compensar as dificultades específicas de cada alumno. Só é posible acadar un proceso de ensino –aprendizaxe satisfactorio se partimos da idea básica de cada alumno e alumna son en si mesmos diferentes, e como tales precisan unha atención individualizada e diversificada que teñan en conta as súas propias características.

As estratexias establecidas para cada caso veñen determinadas e detalladas no PXAD do centro.

Queremos destacar dentro das estratexias metodolóxicas e organizativas que figuran no PXAD do centro, as seguintes que promoven a inclusión:

- Docencia compartida.
- Apoios dentro da aula ordinaria

#### 4.CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Acabando de executar o DOC, entendemos que moitos aspectos deste apartado están cubertos co Documento de Organización do Centro do curso 2023-24.

Intentado non solaparnos con dito documento, achegamos a seguinte información complementaria ao mesmo.

Profesorado:

<b>Titores</b>	
<b>Infantil A ( 4º, 5º e 6º)</b>	Mª de los Ángeles González Llorca
<b>Infantil B ( 4º, 5º e 6º)</b>	Rosario Vilas Galiñanes
<b>Infantil C (4º, 5º e 6º)</b>	Mª del Carmen Poza Fariña
<b>1º</b>	Cruz Alfonso Laya
<b>2º</b>	Alberto Pereiras Estévez
<b>3º</b>	Rocío Bernárdez Cibeira
<b>4º</b>	Silvia Piñeiro Rodríguez
<b>5º</b>	Leticia Riveiro Valverde
<b>6º</b>	María Barreiro Núñez

**Especialistas**

<b>P.T.</b>	Rocio Ramos Pereira
<b>P.T.(PROA +media xornada)</b>	Mariña Costa Otero
<b>Apoio Infantil</b>	Luisa Mallo Pereira
<b>Música</b>	M <sup>a</sup> de los Ángeles Ramos Calvelo
<b>Inglés compartido con Modia e CEIP Santomé</b>	M <sup>a</sup> del Carmen Peña Muñiz J. Antonio Aragunde Dieste
<b>Ed. Física</b>	Cibrán Carballas Pérez
<b>Orientación (itinerante)</b>	Silvia Chantada Gómez
<b>AL (compartida con EEI Modia e CEIP Santomé)</b>	Pamela Trelles Martinez
<b>Relixión (Itinerante)</b>	M <sup>a</sup> Carmen Fernández Seco

Neste curso 2023/2024 entrou en vigor a LOMLOE en todos os cursos de primaria. Organizarémonos así:

- **Reunións de ciclo:**

1. Equipo 2º ciclo de E. Infantil:

- a. M<sup>a</sup> de los Ángeles González Llorca.
- b. Rosario Vilas Galiñanes
- c. M<sup>a</sup> del Carmen Poza Fariña. (Coordinadora de ciclo)
- d. Luisa Mallo Pereira (apoio infantil)  
Especialistas que imparten clase neste ciclo.

2. Equipo 1º ciclo de E. Primaria:

- a. Alberto Pereiras Estévez. (Coordinador)
- b. Cruz Alfonso Laya  
Especialistas que imparten clase neste ciclo.

3. Equipo 2º ciclo de E. Primaria:

- a. Silvia Piñeiro Rodríguez
- b. Rocío Bernárdez Cibeira. (Coordinadora)  
Especialistas que imparten clase neste ciclo.

4. Equipo 3º ciclo de E. Primaria:
- Leticia Riveiro Valverde (coordinadora)
  - María Barreiro Núñez
- Especialistas que imparten clase neste ciclo.

• **Equipos de traballo:**

Ademais destes equipos de ciclo, tamén estamos organizados en equipos de traballo: Biblioteca, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Equipo de Extraescolares; de tal xeito que poidamos traballar en pequeno e gran grupo para a organización de actividades conxuntas de todo o centro. En cada un de estos equipos teremos un responsable e dinamizador TIC. Estos equipos reuniranse unha vez ao mes polas tardes.

**A. Equipo de Biblioteca**

- Rosario Vilas Galiñanes (Coordinadora). Ademais encargaráse de Biblioteca Creativa.
- Marián Ramos Calvelo .Responsable Radio Escolar
- Silvia Piñeiro Rodríguez
- Luisa Mallo Pereira. Responsable do Blog do centro
- Silvia Chantada Gómez
- Rocío Bernárdez Cibeira
- Mª Isabel Horro (Directora da EEI A Modia)

**B. EDLG**

- Mª Carmen Fernández Seco. (Coordinadora)
- Mª del Carmen Peña Muñiz
- Carmen Poza Fariña.
- Alberto Pereiras Estévez
- Rocío Ramos Pereira
- María Barreiro Núñez

**C. Equipo de Actividades complementarias e extraescolares:**

- Mª de los Ángeles González Llorca. **Coordinadora.**
- Leticia Riveiro Valverde
- Cibrán Carballas Pérez
- J. Antonio Aragunde Dieste
- Pamela Trelles Martinez
- Cruz Alfonso Laya

**D. Equipo Edu Responsable**

**Coordinadora:** Mª de los Ángeles Ramos Calvelo

**Equipo Infantil:**

- Responsable do banco de ferramentas: Luisa Mallo Pereira
- Responsable do coro das emocións: Chiky González Llorca
- Responsable do recurso de lectura e emocións (LEE): Carmen Poza

### Equipo Primaria:

#### 1) Responsables do banco de ferramentas:

- Leticia Riveiro Valverde
- Cruz Alfonso Laya

#### 2) Responsables de recursos de reflexarte e literatura e emoción e creatividade.

- Silvia Piñeiro Rodríguez
- Cibrán Carballas Pérez

#### 3) Responsable do coro das emocións.

- Marián Ramos Calvelo

### E. Equipo Edixgal:

#### Titoras e especialistas

- a) Leticia Riveiro Valverde
- b) María Barreiro Núñez.
- c) Rocío Ramos Pereira. Coordinadora
- d) M<sup>a</sup> del Carmen Peña Muñiz
- e) Marián Ramos Calvelo.
- f) M<sup>a</sup> Carmen Fernández Seco.
- g) Cibrán Carballas Pérez
- h) Mariña Costa Otero
- i) Pamela Trelles Martinez

### F. EQUIPO OBSERVA-ACCIÓN

- a) M<sup>a</sup> Carmen Poza Fariña. Coordinadora
- b) M<sup>a</sup> de los Ángeles González Llorca
- c) Rosario Vilas Galiñanes
- d) Luisa Mallo Pereira
- e) Cruz Alfonso Laya

### G. BENESTAR EMOCIONAL

**Coordinadora:** Luisa Mallo Pereira

Participa todo o claustro.

### H. Equipo Sección plurilingüe:

- a) Carmen Peña Muñiz. Coordinadora Plurilingüe, Pluriinfantil e Auxiliar de conversa.
- b) J. Antonio Aragunde Dieste
- c) Cruz Alfonso Laya
- d) Rocio Bernárdez Cibeira
- e) Leticia Riveiro Valverde
- f) Maite Cushing-Daniels. Auxiliar de conversa de Pensilvania.

## I. Departamento de Orientación:

- Silvia Chantada Gómez.
- M<sup>a</sup> Carmen Poza Fariña
- Carmen Peña Muñiz
- Alberto Pereiras Estévez.
- Rocío Bernárdez Cibeira
- Leticia Riveiro Valverde
- Pamela Trelles Martinez
- Rocío Ramos Pereira

## J. Equipo para o desenvolvemento das Matemáticas manipulativas:

- Marián Ramos Calvelo.
- Cruz Alfonso Laya.
- María Barreiro Núñez.
- Silvia Piñeiro Rodriguez

## 5. CONCRECIÓN CURRICULAR

No curso académico 2021/2022, realizouse unha modificación á concreción curricular en relación á avaliación e promoción do alumnado, atendendo ao artigo 6 da orde do 25 de xaneiro de 2022.

Durante o curso 2022/2023, redactouse case toda a concreción curricular do centro. Esta concreción atópase en formato de borrador dentro da aplicación corporativa PROENS esperando ser rematada ao longo deste curso 2023/24. Unha vez rematada, e aprobada, daráselle publicidade a través da web do centro.

## 6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

A continuación expoñemos unha aproximación á organización cronolóxica das reunións dos órganos de goberno. Estas reunións que se indican son as mínimas que faremos, podendo facer outras reunións en función das diferentes problemáticas que poidan xurdir.

	Claustro	Consello Escolar	CCP
Setembro	Adscrición profesorado e organización de curso e de horarios.	Inicio curso.Aprobación NOF do comedor.	Inicio de curso: Acordos proxectos de centro
Outubro	Valoración da PXA	Valoración e aprobación da PXA	Propostas de mellora proxectos de centro
	Posta en común do NOFC		
Novembro			Revisión proxecto de centro
Decembro	Valoración 1º trimestre e informacións varias		Avaliación e Propostas de mellora do 1º trimestre
Xaneiro	Valoración de contas.	Valoración de contas e aprobación.	Revisión proxecto de centro
Febreiro			Revisión proxecto de centro
Marzo	Valoración de presuposto anual.	Valoración do presuposto anual.	Revisión proxecto de centro
Abril		Admisión de alumnado	Avaliación e Propostas de mellora do 2º trimestre
Maio		Aprobación da presentación aos plans:CP,PROXECTA...	Revisión libros de texto e materias didácticos
Xuño	Valoración de memorias Proxectos	Valoración de memorias.	Avaliación do curso e propostas de mellora

- **Claustro:**

Os integrantes do claustro están establecidos no DOC, recordar que este curso somos 18 mestras/es a tempo completo e unha mestra a tempo parcial. Hai que ter en conta unha serie de peculiaridades que nos gustaría mencionar:

No noso claustro contamos este curso con 1 mestre e 3 mestras itinerantes ,ademais da auxiliar de conversa que tamén itinera a Castrelo:

Silvia Chantada Gómez que se despraza dous días a outros dous centros: CEIP de Corvillón e EEI de A Modia.

J.Antonio Aragunde Dieste que se despraza os luns unha hora a unitaria da Modia e os mércores e xoves ao colexio de San Tomé en Cambados.

Mª del Carmen Fernández Seco, mestra de relixión que compartimos co CEIP de Castrelo. Está no noso colexio , mércores, xoves e venres.

Pamela Trelles Martinez,mestra de AL, que traballa no noso centro 3 días e a compartimos coa EEI de A Modia e co CEIP de San Tomé.Despois de moitos anos de peticións conseguimos 3 días enteiros a AL no noso centro.

**\*O Claustro celebrará as reunións preceptivas establecidas previamente no calendario, e todas aquelas que con carácter extraordinario sexan necesarias para o bo funcionamento do centro.**

- **Consello Escolar:**

**Composición e plans de actuación:**

**CONSELLO ESCOLAR :**

O consello escolar está integrado por:

**Representantes dos pais :**

Lucía Padín Piñeiro.  
Tania Rubianes Castrelo.  
Antonio Domínguez Rey.  
Corina M<sup>a</sup> Chantada Señoráns

**Representante da ANPA:**

Ana M<sup>a</sup> Cores Fontenla

**Representante do Concello :**

Titular: José Luis González

Suplente: Mar Pérez García

**Representantes do sector de administración e servizos :**

Isabel Pérez Portas (de baixa médica)

**Representantes do Profesorado :**

Carmen Peña Muñiz – Directora  
Cruz Alfonso Laya – Xefa de estudos  
Silvia Piñeiro Rodríguez – secretaria  
M<sup>a</sup> de los Ángeles González Llorca.  
Rosario Vilas Galiñanes.

M<sup>a</sup> del Carmen Fernández Seco

M<sup>a</sup> de los Ángeles Ramos Calvelo

M<sup>a</sup> del Carmen Poza Fariña

**Plan de actuación do consello escolar para o presente curso:**

O consello escolar realizará todas as reunións establecidas de xeito regulamentario no calendario.

Ademais desta reunións, convocaranse aquelas que sexan precisas ao longo do curso, para información e aprobación de novos plans ou proxectos.

- **CCP:**

A Comisión de Coordinación Pedagóxica está formada polos seguintes mestres e mestras:

- Carmen Peña Muñiz– Directora
  - Rocio Ramos Pereira -mestra de PT
  - Cruz Alfonso Laya – Xefa de estudos.
  - Silvia Chantada Gómez–Xefa do DO.
  - M<sup>a</sup> Carmen Poza Fariña-coordinadora de Infantil
  - Rosario Vilas Galiñanes - Coordinadora da Biblioteca.
  - Alberto Pereiras Estévez – Coordinador do 1º ciclo de EP
  - Rocío Bernárdez Cibeira – Coordinadora do 2º ciclo de EP.
  - Leticia Riveiro Valverde, coordinadora do 3º ciclo.
  - M<sup>a</sup> Carmen Fernández Seco- coordinadora do EDLG.
- **As reunións veñen establecidas no calendario anterior.**
  - **A estas reunións, por motivos de eficiencia, invitamos xeralmente a todo o claustro.**

## 7.PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓN

O cadro do horario semanal do equipo directivo é o que figura no DOC.

A adicación horaria de cada membro do equipo directivo é o seguinte:

Directora: 7 horas.

Secretaria: 5 horas

Xefa de estudos: 5 horas

O horario do equipo directivo é o que segue:



**EQUIPO DIRECTIVO**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:15	Carmen	Silvia	Carmen	Carmen	Carmen
10:05	<b>Cruz (garda)</b>	secretaría			
10:05	Carmen T.	Silvia		<b>Cruz (garda)</b>	Cruz
10:55		Carmen			Silvia
10:55			Silvia	Carmen	Carmen (contas)
11:45					Silvia (contas)
11:45	RE	C	R	E	O
12:15		<b>Cruz, Carmen e Silvia</b>			
12:15	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:45		<b>Cruz, Carmen e Silvia</b>			
12:45	Cruz	<b>Cruz (garda)</b>	Silvia (garda)	Cruz	Talleres
13:30					
13:30	Silvia	Cruz	Cruz	Silvia	Talleres
14:15	garda				

As principais tarefas a realizar ao longo do curso son as seguintes:

Setembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reorganización de espazos.</li> <li>• Selección de cursos e aulas.</li> <li>• Elaboración de horarios.</li> <li>• Envío documentación</li> <li>• Revisión programación, plans</li> <li>• Becas NEAE</li> <li>• Outros sen especificar</li> </ul>
Outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración PXA, DOC, papeleo auxiliar...</li> </ul>
Novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Organización PFPP,...</li> </ul>
Decembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pago itinerancias, preparación e revisión da contabilidade, papeleo trimestral auxiliar conversa.</li> </ul>
Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobación das contas do ano anterior.</li> </ul>
Febreiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reserva de praza para o IES e da EEI adscrita.</li> </ul>
Marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Admisión para o curso 2023/2024.</li> <li>• Papeleo auxiliar conversa do 2º trimestre</li> </ul>
Abril	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aprobación do presuposto para o ano vixente</li> </ul>
Maió	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitud de fondo libros, informes finais, memoria do proxecto da auxiliar de conversa</li> </ul>
Xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Matriculación novo alumnado.</li> <li>• Elaboración de memorias finais de curso.</li> <li>• Informes alumnado</li> <li>• Elaboración proxectos para plans</li> <li>• Renovación plans</li> <li>• Envío documentación PROA +</li> </ul>

## 8. XORNADA ESCOLAR E HORARIO LECTIVO

### 8.1 HORARIO LECTIVO

Como indica a orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o presente curso académico, as actividades lectivas deron comezo o día 11 de setembro de 2023 e rematarán o 21 de xuño de 2024, ambos inclusive.

#### **Períodos de vacacións**

**Nadal:** desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.

**Entroido:** os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024

**Semana Santa:** desde o día 25 de marzo ata o 1 de abril de 2024, ambos inclusive.

#### **Días non lectivos:**

12 de outubro

1 de Novembro

6, 7 e 8 de decembro

17 de maio (letras galegas)

Para este curso 2023/2024 están aprobados pola Xefatura Territorial como días non lectivos o **13 de outubro de 2023** e o **20 de maio de 2024**.

Todos os días, agás os martes, a biblioteca do centro permanecerá aberta de 16:00 a 18:00 h., cun mestre/-a de garda.

O horario dos martes pola tarde queda establecido de 16.00 horas a 18.45 horas.

O horario escolar durante todo o curso será en xornada única de 9:15 h. a 14:15 h.

O horario xeral do centro para alumnado e profesorado distribúese segundo o cadro que mostramos, volvendo novamente a ter a hora de ler despois do recreo.

	L	M	Mérc.	Xoves	V
9:00 9:15	Atención ao alumnado transportado/ outras actividades	Atención ao alumnado transportado/ outras actividades	Atención ao alumnado transportado/ outras actividades	Atención ao alumnado transportado/ outras actividades	Atención ao alumnado transportado/ outras actividades
9:15 10:05	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión
10:05 10:55	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión
10:55 11:45	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión	3ª sesión
11:45 12:15	<b>R</b>	<b>E</b>	<b>C</b>	<b>R</b>	<b>EO</b>
12:15 12:45	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
12:45 13:30	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión
13:30 14:15	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión
14:15 14:30	Outras actividades	Outras actividades	Outras actividades	Outras actividades	Outras actividades
16:00 18:45		Reunións- Atención ás familias			

## 8.2 HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público por parte do equipo directivo é o seguinte:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9.00 h – 10.00 h.	9.00 h – 10.00 h.	9.00 h – 10.00 h.	9.00 h – 10.00 h.	9.00 h – 10.00 h.
	13.30-14.15 h	13.30-14.15 h	13.30-14.15 h	
	16.00 – 17. 15h			

## 8.3 HORARIO DE VERÁN

O horario de verán:

**XULLO: 9:30 a 13:30** (fóra deste horario poden contactar co equipo directivo por email ).

## 9. QUENDAS DE VIXILANCIA NOS RECREOS

No noso centro temos 2 zonas delimitadas naturalmente para disfrute do noso alumnado no recreo. Patio de infantil con 2 mestras de garda, e o patio de primaria subdividido nas seguintes zonas:

Patio cuberto, Pista descuberta e charca, zona tirolina, zona escaleiras, zona composteiro establecendo un mestre en cada unha das zonas. Tamén hai todos os días unha mestra de garda na biblioteca, para todo aquel alumnado que queira facer uso da mesma.

### QUENDAS DE RECREO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Pista cuberta	María	Gunde	Carmen T.	Cibrán	Marián
Pista descuberta e charca	Leticia	Alberto	Leticia	Alberto	Silvia O.
Tirolina e escaleiras	Rocío	Rocío	Carmen R.	Marián	Cibrán
Composteiro e baixada	Cruz	Marián	Pamela	Cruz	Carmen T.
Infantil	Chiky e Carmen	Luisa e Charo	Chiky e Carmen	Luisa e Charo	Chiky e Carmen
Biblioteca	Charo	María	Silvia	Silvia	Luisa

Nos recreos de choiva, o alumnado queda na súa aula ou ben baixa a biblioteca ata completar aforo. O profesorado de garda nos días de choiva é o seguinte:

## QUENDAS DE RECREO CHOIVA

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<b>Inf. A</b>	Chiky	Luisa	Chiky	Chiky	Luisa
<b>Inf. B</b>	Pamela	Charo	Charo	Luisa	Gunde
<b>Inf. C</b>	Carmen P.	Gunde	Pamela	Carmen P.	Carmen P.
<b>1º</b>	Cruz	Marián	Cruz	Cruz	Marián
<b>2º</b>	Rocío PT	Cibrán	Alberto	Alberto	Alberto
<b>3º</b>	Rocío	Rocío	Rocío	Cibrán	Cibrán
<b>4º</b>	Silvia	Gunde	Carmen T.	Marián	Silvia
<b>5º</b>	Leticia	Leticia	Leticia	Carmen R.	Silvia O.
<b>6º</b>	Carmen T.	María	María	Silvia O.	Carmen T.
<b>Biblioteca</b>	Charo	Silvia	Carmen R.	María	Carmen R.

## 10. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN

### EDUCATIVA

#### PFPP curso 23-24

Este curso a coordinadora dos PFPP do centro é Cruz Alfonso Laya.

- Grupo de traballo para a elaboración do Plan lector do centro formado por: Silvia Chantada Gómez, Cruz Alfonso Laya, Silvia Piñeiro Rodríguez e M<sup>a</sup> Isabel Horro.
- Seminario sobre Polos Creativos no noso centro. Participaremos todo o claustro e a mestra da EEI A MODIA.
- Curso sobre o desenvolvemento afectivo no noso centro. Participaremos todo o claustro.
- Seminario sobre o crecemento socio-emocional, co programa Edu-Responsable.

Ademais todo o claustro de profesorado vai participar nos seguintes proxectos solicitados a consellería:

- INNOVA-T
- INCLÚE-T
- Proxecta+

- **Cibrán Carballas Pérez, Mestre de Educación Física:**

1.Participación no programa **Educación Responsable**, traballando en concreto no apartado de “emocións, literatura e creatividade”.

2.Desenvolvemento e avaliación das habilidades motrices básicas a través de Alfamov. Plan Proxecta.

3.Primeiros pasos coa intelixencia artificial no ensino.

4.Participación nunha estada de integración en Toronto (Canadá) do 9 de outubro ao 4 de novembro.

Posibilidade de inscrición en novas formacións a medida que se vaian ofertando ao longo do curso.

- **María Cruz Alfonso Laya, mestra titora de 1º de EP:**

1.Aparte da participación nos 3 PFPP do noso centro, sobre O Plan Dixital, a elaboración do plan lector e Educación Responsable.

2.Formarase no Programa Educación Responsable, no apartado “banco de ferramentas” en Educación Primaria.

Posibilidade doutras formacións segundo vaian xurdindo ao longo do curso.

- **Rocio Bernárdez Cibeira, titora de 3º de EP.**

Ademais da participación nos PFPP do centro: Plan Dixital, Educación Responsable e Plan lector.

Solicitud de participación de cursos ofertados en fprofe para este 1º trimestre:

1.Deseño universal para a aprendizaxe.

2.O traballo e a avaliación por competencias nas ferramentas dixitais institucionais.

3.Manexo e posibilidades dun plóter de corte.

4.Pensamento computacional e robótica básica na aula. Do True True ao mBot (admitida)

- **Silvia Piñeiro Rodríguez, mestra titora de 4º de EP.**

Ademáis da participación nos PFPP do noso centro: Plan Dixital, Educación Responsable e Plan lector.

1. Programa Educación Responsable, no apartado “Lectura e emocións” e “Literatura, Emocións e Creatividade” en Educación Primaria.

2. Participación nas xornadas de Biblioteca Creativa e Plambe.

3. Encontros: A biblioteca escolar como centro creativo de aprendizaxe.

- **Leticia Riveiro ,titora de 5º de Educación Primaria.**

Ademáis da súa participación no programa Educación Responsable, no que traballará no desenvolvemento do banco de ferramentas. Ademais, a súa formación inclúe os cursos Introducción aos recursos.

1. E-DIXGAL

2. Metodoloxías innovadoras e inclusivas para unha aprendizaxe activa en Educación Infantil e Educación Primaria que Terán lugar no primeiro trimestre. Ambos cursos están ofertados en fprofe e teñen un carácter presencial.

Por suposto, a formación continuará con outros cursos que se levarán a cabo durante o segundo e o terceiro trimestre mais que aínda non foron publicados.

- **Carmen Peña Muñiz, mestra de Inglés**

Ademáis de participar nos PFPP que imos traballar este ano no noso cole ,realizará as seguintes formacións:

1. Xornadas de acollida da auxiliar de conversa

2. Encontros: A biblioteca escolar como centro creativo de aprendizaxe. Está en situación de reserva.

3. Participación nunha estadía de integración en Toronto (Canadá) do 5 de novembro ao 3 de Decembro.

4. Deseño de espazos de aprendizaxe innovadores. En rede.

Tamén realizará formación no segundo e terceiro trimestre aínda por determinar.



## 11.LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Relación de libros aprobados no CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro en sesión de claustro e consello escolar para o curso 23/24.

### **EDUCACIÓN INFANTIL • Niveis 3, 4 e 5 anos: NON SE UTILIZAN LIBROS DE TEXTO**

#### **1º PRIMARIA**

<u>ÁREA</u>	<u>TÍTULO</u>	<u>EDITORIAL</u>	<u>ISBN</u>	<u>Ano publicación</u>
<b>Lingua Galega</b>	Caderno lectoescritura Construíndomundos 1.1	Santillana Obradoiro	978-84-9185-399-2	2022
<b>Lingua Galega</b>	1ºPrimaria.Construíndo mundos (1.2)	Santillana Obradoiro	978-84-9185-532-3	2022
<b>Lingua Castelá</b>	1º Lengua. Primeros Pasos.PAUTA Construyendo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-680-7160-2	2022
<b>Ciencias Sociais</b>	1º Ciencias Sociais . Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-414-2	2022
<b>Ciencias da natureza</b>	1º Ciencias da Natureza. Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-411-1	2022
<b>Matemáticas</b>	1ºMatemáticas. Construyendo	Santillana Obradoiro	978-84-680-7131-2	2022

	mundos. Mochila ligera			
<b>Lingua Inglesa</b>	New tiger.1 Pupils book	MacMillan	9781380011176	2014
<b>Relixión</b>	Relixión Católica Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-417-3	2022

**2º PRIMARIA:**

<b>Área</b>	<b>Título</b>	<b>Editorial</b>	<b>ISBN</b>	<b>Ano publicación</b>
<b>Matemáticas</b>	Mate +2. Serie práctica	Santillana Obradoiro	978-84-144-0885-8	2023
<b>Lingua galega</b>	Lingua +2. Tarefas e destrezas comunicativas	Santillana Obradoiro	978-84-9972-776-9	2018
<b>Lengua castellana</b>	Lengua+2. Tareas y destrezas comunicativas. Serie participa	Santillana Obradoiro	978-84-144-4831-1	2023
<b>Ciencias socias</b>	Ciencias Socias 2. Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-696-2	2023
<b>Ciencias naturais</b>	Ciencias da Natureza 2.Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-694-8	2023

<b>Inglés</b>	New Tiger 2	Macmillan	9781380011183	2015
<b>Relixión</b>	Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978 84-9185-707-5	2023

**3º PRIMARIA**

<u>Área</u>	<u>Título</u>	<u>Editorial</u>	<u>ISBN</u>	<u>Ano publicación</u>
<b>MATEMÁTICAS</b>	Construyendo mundos. Mochila ligera	Santillana Obradoiro	978-84-680-7136-7	2022
<b>LINGUA GALEGA</b>	L. Galega 3º Primaria. Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-409-8	2022
<b>LENGUA CASTELLANA</b>	Construyendo mundos. Mochila ligera	Santillana Obradoiro	978-84-680-7201-2	2022
<b>CIENCIAS SOCIAS</b>	Ciencias Sociais 3º. Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-416-6	2022
<b>CIENCIAS NATURAIS</b>	Ciencias da Natureza 3º. Construíndo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-410-4	2022
	New Tiger 3 - Pupil's Book	Macmillan	978-13-800-1113-8	2015

<b>INGLÉS</b>	New Tiger 3- Activity book	Macmillan	978-13-800-1125-1	2015
<b>Relixión</b>	Relixión Católica - Construindo mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-419-7	2022

**4º EP:**

<u>Área</u>	<u>Título</u>	<u>Editorial</u>	<u>ISBN</u>	<u>Ano publicación</u>
<b>Matemáticas</b>	MATE+. Serie Participa	Santillana Obradoiro	978-84-144-0292-4	2023
<b>Lingua Galega</b>	LINGUA+ 4.Tarefas e destrezas comunicativas	Santillana Obradoiro	978-84-9185-855-3	2023
<b>Lengua Castellana</b>	LENGUA+4. Serie Participa	Santillana Obradoiro	978-84-144-0275-7	2023
<b>Ciencias sociais</b>	CIENCIAS SOCIAIS 4º. Construindo Mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-698-6	2023
<b>Ciencias naturais</b>	CIENCIAS DA NATUREZA 4º. Construindo Mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-692-4	2023
<b>Inglés</b>	New Tiger 4.Pupil's book	Macmillan	9781380011145	2020
	New Tiger 4. activity book	Macmillan	9781380011206	2020

<b>Relixión</b>	Relixión Católica. Construíndo Mundos	Santillana Obradoiro	978-84-9185-708-2	2012
<b>Ed. Plástica</b>	Arts and crafts 4student's book	Santillana Obradoiro	9788468013510	2015

\*\*En 5º e 6º estamos no plan Edixgal. Este plan conleva non usar manuais de texto impreso.

## 12. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### ORGANIZADAS POLO CENTRO:

#### • **Constitución do equipo:**

O equipo de actividades complementarias e extraescolares está formado por:

- María de los Ángeles González Llorca, coordinadora.
- Pamela Trelles Martínez.
- Cibrán Carballas Pérez.
- Leticia Riveiro Valverde .
- Cruz Alfonso Laya
- J. Antonio Aragunde Dieste

#### • **Plan de actividades complementarias e extraescolares:**

##### A nivel de centro

Para este curso temos planificado un proxecto que titulamos “O mundo nunha viaxe” que se levará a cabo ao longo de todo o curso e no que participará toda a comunidade educativa.

Por outra banda, seguiremos dando continuidade ao proxecto ecovilariño, levando accións concretas para o respecto do medio ambiente, tales como:

- **Plantado da horta escolar nas diferentes estacións do ano:** todas as aulas terán un espazo na horta para plantar e coidar das súas plantas.
- **Compostaxe:** o alumnado de 1º curso encargárase de coidar o composteiro e promover a compostaxe no centro.
- **Coidado da charca escolar:** a poza de Vilariño pretende ser un ecosistema para que nos visiten animais da nosa contorna e o alumnado aprenda a apreciar e valorar as especies da

nosa fauna.

• **Coidado do Hotel para bichos:** a partir do cal o alumnado poderá observar e coñecer algúns dos bichos máis pequenos da nosa contorna.

Como recursos para desenvolver os proxectos, contaremos con dous moi especiais:

- **A radio escolar:** posta en marcha, dende fai xa varios cursos, e que ten saída ao resto da comunidade educativa a través da canle de ivoox: RadioEstrela.

- **Revista escolar:** coordinada polo equipo de dinamización da lingua galega e onde participa todo centro.

Tamén celebraremos: Samaween, Magosto, Festival de Nadal ( na bodega Martín Códax), Desfile de Entroido polas rúas de Vilariño,...

## SAÍDAS

### INFANTIL:

- Espectáculo na Biblioteca Municipal Luis Rei co galo do “Día da nena”.
- Saída a mariscar en Cambados.
- Teatro en Vilagarcía de Arousa: “La Bella y la Bestia”.
- Teatro en Pontevedra, Fundación A BANCA: “PINGÜÍN”
- Xornada no Camping FIEITÁS de O Grove.
- Saída ao IES Asorey invitados a obra de teatro da compañía Caracol.
- Outras saídas que vaian xurdindo ó longo do curso.
- Concerto didáctico organizado pola Escola de Música.

### PRIMEIRO CICLO:

- “Vaia Ritmo!” (Fundación A BANCA, música).
- Concerto didáctico na Escola Municipal de Música de Cambados.
- Outras saídas que vaian xurdindo ó longo do curso.
- Obradoiro Plantando árbores con pinceis
- Excursión de final de curso(seguramente á Illa de Arousa, ao Parque Natural do Carreirón).
- Saída ao IES Asorey invitados pola compañía Caracol .

## SEGUNDO CICLO:

- PICASSO protagonista. Viñetas no cómic español contemporáneo, visita- taller, Café Moderno Afundación Pontevedra.
- Teatro : “HUGO” (Fundación A BANCA).
- XOGADE
- Obradoiro Plantando árbores con pinceis.
- First Lego League, saída a Ferrol fóra do horario lectivo (Febreiro)
- Saída ao IES Asorey invitados a obra de teatro da compañía Caracol
- Excursión de Fin de Curso por determinar.
- Outras que vaian xurdindo ó longo do curso.
- Concerto didáctico organizado pola Escola de Música.

## TERCEIRO CICLO:

- Teatro en inglés HELP! (Fundación ABANCA) en Pontevedra.
- Saída a Santiago de Compostela, dentro do programa “Coñece as túas Institucións”, onde o alumnado coñecerá o Parlamento Galego.
- Saída a Coruña, para ver A Casa da Ciencia(incluído planetario)e o Domus .
- Visita ó Diario den Arousa (Vilagarcía de Arousa).
- Visita a Santiago de Compostela, onde asistirán ó Museo do Pobo Galego.
- Obradoiro Plantando árbores con pinceis
- XOGADE
- Concerto didáctico organizado pola Escola de Música.
- Saída ao IES Asorey invitados a obra de teatro da compañía Caracol
- Visita a o Refuxio de animais de Cambados.
- Actividade de piragüismo no CNO O Muiño.
- Viaxe de Fin de curso (alumnado de 6º).

Ademáis no primeiro trimestre acudirá todo o alumnado a unha charla sobre primeiros auxilios do 061.

E no terceiro trimestre asistiremos ao IES ASOREY a ver a representación anual do grupo de teatro Caracol. Faremos coma o ano pasado, comeremos no colexio e logo sairemos en autobús á hora da función teatral.

A nivel de centro organizaranse talleres ( dramatización, cociña, horta, costura, robótica...) entre ciclos todos os venres durante todo o curso.

### 13.PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O plan de autoprotección segue a ser o mesmo dos últimos anos coas correspondentes actualizacións do profesorado responsable de cada zona.

**Achegamos o plan no anexo II**

### 14.PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

No noso centro traballa unha persoa como persoal non docente que está contratada polo concello. Trátase dunha persoa que ten funcións de limpeza e conserxería.O seu horario de traballo é de 8 h a 15 h.

Trátase dun horario de limpeza pouco adecuado para un centro educativo, xa que temos que combinar o horario de limpeza co horario lectivo, xurdindo problemas de chans mollados, perigo

de esvaróns, etc. Para evitar estes problemas, dende o centro, co fin de coordinar os traballos, entregámoslle un horario coas aulas e diferentes espazos do centro sen alumnado para que se proceda a súa limpeza durante o horario lectivo.

Este curso,coma nos anteriores, dado que temos , dous locais distintos para o comedor escolar,solicitamos ao concello o reforzo da limpeza, contratando para este reforzo a unha persoa que ten o seguinte horario: das 15 ás 22:00 horas. Neste tempo tamén vai a Unitaria da Modia.

Deste xeito a persoa da mañá fai tarefas de, limpeza e conserxería, mentras a persoa da tarde se adica por completo á limpeza do centro e das dúas aulas de comedor.

### 15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

A boa relación da escola coas familias do alumnado, así como co resto da comunidade educativa é fundamental para garantir un proceso de ensino aprendizaxe integral para os nosos alumnos e alumnas. Para facilitar e potenciar estas relacións familia – escola, dende o compromiso común derealizar unha acción conxunta, no noso centro contamos cunha serie de estratexias que levamos a cabo ao longo do curso:

**Reunión inicial coas familias:** ao principio do curso, establecemos unha reunión grupal do equipode profesorado coas familias do noso alumnado. Este curso estas reunións celebráronse coa seguinte data: o 8 de setembro todos os cursos agás 6º de EP, o 26 de setembro.

**Establecemento dun horario semanal só de atención ás familias:** os martes de 16.00 h



a 17.00 h está establecido o horario de atención ás familias do noso alumnado, tanto por parte das titoras como do profesorado especialista.

**Entrega de boletíns:** as notas serán publicadas por Abalaróbil. As datas de publicación das cualificacións, concretamente:

o 1º trimestre: 21 de decembro

o 2º trimestre: 22 de marzo.

o 3º trimestre: 26 de xuño.

**Dinamización da páxina web, RRSS e blog da biblioteca:** páxina web do centro, RRSS e o blogda biblioteca conforman unha canle de comunicación entre familias e escola, a través da publicación de reportaxes, novas, etc. das actividades que ao longo do curso van realizando as nosas alumnas e alumnos.

**ABALARMÓBIL:** como se ven facendo nos últimos anos, utilizaremos a aplicación que pon en marcha a Xunta, Abalar Móbil, para manter informadas ás familias tanto a nivel centro e aula como a nivel individual.

**Escola de familias:** no momento de elaboración desta PXA están a ser axendadas datas para as sesións formativas deste primeiro trimestre na escola de familias con Raquel Pedrouzo.

**Xornada de convivencia do futuro alumnado:** a finais de curso e ao igual que os cursos pasados, realizaremos unha xornada de convivencia e coñecemento do futuro colexio co novo alumnado. Haberá unha xornada para as nenas e nenos de nova admisión (3 anos) e outra para as nenas e nenos que se incorporan novos ao centro en 1º curso de EP. Compartirán unha xornada cos seus futuros compañeiros e compañeiras coñecendo as instalacións do colexio.

**Período de adaptación de infantil:** Atendendo ás características específicas do alumnado de novo ingreso no centro (4ª de educación infantil) debemos de facer unha mención aparte ao período de adaptación do alumnado de novo ingreso no que se abordaron os seguintes aspectos :

- Entrevista inicial coas familias.
- Primeira toma de contacto cos nenos e nenas.
- Entrada graduada dos nenos á escola.
- Adaptación gradual do alumnado aos mestres especialistas.

A reunión inicial para o alumnado de 3 anos realizouse o curso pasado a finais de xuño e tiña como obxectivo que as familias e os nenos e nenas coñeceran a escola e as mestras. Tratouse de responsabilizar e implicar ás familias na importancia do proceso educativo destes primeiros anos.

As mestras explicáronlle ás familias o desenvolvemento do curso e os obxectivos do período de adaptación.

A partir de aí, as mestras titoras irán citando a cada pai/nai para a entrevista inicial, unha vez que xa vaian coñecendo a cada neno e nena, para ir acordando pautas e normas de actuación.

**Traballo conxunto en diversas actividades do centro:** as familias participan en actividades non só dende a ANPA senón como invitadas en actividades concretas: magosto, entroido, charlas e entrevistas, obradoiros, programas de radio...

**Sensibilización acerca da importancia de formar parte da ANPA e/ou do Consello Escolar.** Colaboración nas tarefas e proxectos escolares.

## 16. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### 16.1 TRANSPORTE ESCOLAR

Unha boa parte do alumnado do colexio utiliza o transporte escolar por teren os seus domicilios situados a unha distancia superior aos dous quilómetros do centro escolar ou representar o traxecto a percorrer un alto nivel de perigo.

O número total de alumnos/as que utilizan este servizo é de 87 alumnos/as. A empresa Autocares Rías Baixas, emprega 2 autobuses para realizar este servizo.

A continuación relaciónanse as diferentes paradas e o número de alumnos que soben e baixan nas mesmas, seguindo o traxecto dende o colexio á ca

Ruta: <b>COVAS</b>		Nº alumnado transportado	
		Sentido Entrada	Sentido Saída
Paradas	1. Bar Vilariño	4	4
	2. Bouciña	5	5
	3. A Laxe	1	6
	4. Covas-Benedicta	13	13
	5. Covas-Ponte	6	6
	6. Sameiro	5	4
	7. Fornos-Pardiño	4	4
<b>Totais</b>		38	42

Ruta: <b>MODIA</b>		Nº alumnado transportado	
		Sentido Entrada	Sentido Saída

Paradas	1. Cruce C. Fútbol	2	2
	2. Capela de S.Antón	0	1
	3. Taller Castelo	2	1
	4. Tenda de Fina	9	7
	5. Panadaría	11	10
	6. Corniña	2	2
	7. Instituto	6	6
	8. Avda.Vilariño (Cruce Vilas Stylo)	15	12
	9.Avda.Vilariño (Carnizaría Camilo)	1	1
<b>Totais</b>		<b>48</b>	<b>42</b>

\*\*O número total de usuarios que fan uso do servizo pode variar con relación á suma do número de usuarios que fan uso de cada parada, no caso excepcional de que un alumno faga uso de máis dunha parada.

O profesorado realizaremos **gardas de entrada** de 9.00 a 9.15 h. A distribución do profesorado queda como sigue:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Luisa Mallo	Alberto Pereiras	Rocío Ramos	M <sup>a</sup> de los Ángeles Ramos	Rosario Galiñanes
Cruz Alfonso	Rocío Bernárdez	Leticia Riveiro	Carmen Poza	María Barreiro
J. Antonio Aragunde	Silvia Piñeiro	M <sup>a</sup> de los Ángeles González	Cibrán Carballas	Pamela Trelles

Instalación: COMEDOR E HALL (Aula multiusos)

Entidade que presta o servizo	CONCELLO					
Nº alumnos usuarios	4º EI: 4	5º EI: 4	6º EI: 5	1º EP: 4	2º EP: 7	3º EP: 6
	4º EP: 4	5º EP: 4	6º EP: 5			
Horario de uso	8:45 a 9:15					
Nome da persoa responsable	JORGE CASTRO FERREIRO					

## 16.2 PLAN MADRUGA

## 16.3 COMEDOR ESCOLAR

Este curso, por cuarto ano, continúa funcionando o comedor escolar no noso centro. Está xestionada pola ANPA, ten unha capacidade para 55 comensais aproximadamente e ten unha empresa de catering contratada: Arelas Catering.

Este curso por agora o comedor funciona coma antes da pandemia, sen ningún tipo de distancia entre comensais.

- Dende o centro intentamos facilitar a posta en marcha do comedor, poñendo a súa disposición un novo espazo habilitado nos anos da pandemia, con 25 prazas máis, para deste xeito dar servizo a todas as familias que o solicitan.

Entendemos que é importante este comedor como medida de conciliación para moitas das familias do noso centro.

- comedor ten un horario de 14.15 h a 16.00 h.
- Contan cun monitor contratado polo concello, a maiores dos 3 que corresponden polo catering, que se encargan de facer da hora de comer un espazo para aprender normas e hábitos moi importantes.
- En consello escolar aprobamos as normas de funcionamento do comedor escolar, moi necesarias para seu correcto funcionamento
- Dende o centro, temos que coordinar coa ANPA, co catering e cos monitores de comedor e coas coidadoras de transporte a saída do alumnado, por iso establecemos unha norma para as familias importante:

**Avisar ao colexio, ao catering e ás monitoras de comedor cando hai unha modificación no organigrama mensual habitual.**

## 17.PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Desde que se inaugurou o centro, o recinto escolar foi utilizado pola comunidade fóra de horario escolar. Nestos últimos anos non se permite a entrada de vehículos alleos a comunidade educativa en horario de tarde por cuestións de seguridade.

Para o uso das instalacións do centro, a Dirección axústase á Orde do 22 de xullo de 1.997, Capítulo III, apartado 9, no que se regulan as normas para a utilización das instalacións escolares.

O modelo de petición das instalacións atópase na Secretaría do Centro e axústase á normativa legal.

Sempre que xurda unha petición, seguiranse as canles que marca a citada Orde

- **Uso das instalacións do centro para este curso:**

Instalación: Aula comedor no Hall multiusos(PLAN MADRUGA)			
Entidade que a usa	CONCELLO / ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<u>Alumnado</u>	familias	PAS
Horario de uso	CONCELLO 8:45 a 9:15 ANPA Todos os días de 7.45 a 9.15 e de 14: a 16:00 . Os mércores tamén de 16:00 a 18:00h.		
Instalación: Comedor Escolar			
Entidade que a usa	ANPA/ CONCELLO		
Participan membros da comunidade educativa	<u>Alumnado</u>	familias	PAS
Horario de uso	ANPA :Todos os días de 14: a 16:00 e os Xoves de 16:00 a 18:00 CONCELLO:8:45 a 9:15		

**INSTALACIÓN: XIMNASIO**

Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	alumnado	familias	PAS
Horario de uso	Tardes de 15:00 a 18:00h.		

**Instalación: PATIO CUBERTO**

Entidade que presta o servizo	ANPA
Horario de uso	Luns de 16:00 a 18:00
Nome da persoa responsable	Ana Cores

**18. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA**

Tras as inscricións feitas polas familias que son socias, este é o listado das actividades extraescolares que cubriron o mínimo de inscritos e polo tanto se van a levar a cabo este curso 2023-2024:

**LUNS:** PATINAXE de 16:00 a 17:00 horas.

**MARTES:** ZUMBA de 16.00 a 17:00 horas.

**MÉRCORES:** ROBÓTICA de 16:00 a 17:30 horas.

**XOVES:** COCIÑA de 16:00 a 17:30 horas.

**VENRES:** XIMNASIA ACROBÁTICA e de TRAMPOLÍN de 16.00 a 17:00 horas.

Cabe facer fincapé en que as/os monitores das actividades pasarán polo comedor a recoller os inscritos en cada unha das actividades e acompañalos ata o lugar da actividade.

Quedan polo tanto excluídas por falta de inscritos tanto a actividade de AUDIOVISUAIS como o SERVICIO CONCILIA.

\*As actividades externas das academias de GRUPINFOR, NORDELAINA, e de TENIS fan os grupos nos propios centros.

As actividades darán comezo a partir do luns día 2 de outubro, inclusive.

**Cabe lembrar que hai que ser socios da anpa para acudir tanto ás actividades como ao comedor escolar**

## 19. PLAN ANUAL DE LECTURA

### Obxectivos xerais

Dentro dos obxectivos que pretendemos acadar para o presente curso académico 2023/2024 están:

1. Facer partícipes dende o primeiro momento deste proxecto multidisciplinar ao novo alumnado que se incorporan ao colexio.
2. Estimular e potenciar o hábito lector do noso alumnado tanto como medio de entretemento como de método de investigación para a súa autoformación.
3. Proporcionar, a través da lectura, un apoio continuo na tarefa de ensinanza e aprendizaxe así como impulsar o cambio educativo reflectido na adquisición das Competencias Clave.
4. Mostrar a biblioteca do colexio aos nen@s como espazo común de: ocio (a lectura como pracer) e de información (a lectura como búsqueda de información para a adquisición de coñecementos novos).

A biblioteca é un espazo idóneo para animar a ler, porque nel favorécese a liberdade de elección de textos en soportes moi diversos. Facilita a comunicación e os intercambios entre o adulto e as/os nenas/os, posibilita ocasións de contacto afectivo cos textos.

5. Atraer a aquel alumnado que ten pouco interese pola lectura, ofrecéndolles obras de diverso tipo (cómic, libros sen texto, libros con ilustracións atractivas, libros con solapas, libros despregables...)

Para que todos estes obxectivos se cumpran, expoñemos diversas propostas para que cada do docente escolla de entre elas, dependendo da actividade que estamos a facer, e por suposto do nivel de aprendizaxe que teñen os seus alumnos:

- O libro (presentacións, debates, guías de lectura, encontros con autores...).

· A escrita, (xogos coa linguaxe, dicionarios fantásticos..., a tradición oral e a poesía, provocación de historias individuais, colectivas, con cartas, dossiers, diarios e revistas escolares, creación de libros,)

· Expresión oral (cantar, recitar, xogos fonéticos, conta contos) · Diversas formas de expresión, como a ilustración, a historieta, a publicidade, o cine, o teatro ou a música.

Secuenciación das actividades de lectura por curso :

## **EDUCACIÓN INFANTIL**

### **Fomento Lector**

Celebaremos todas as efemérides marcadas no Calendario, así como as distintas estacións, acontecementos relevantes que ocorran ó longo do curso escolar, e sempre buscaremos información e lecturas relacionadas co que acontece na nosa contorna máis próxima. E mais concretamente coa temática a traballar neste curso “O mundo nunha viaxe”.

Do mesmo xesto traballamos a nivel de ciclo cunha metodoloxía onde o conto sexa xenerador de multitude actividades: ensalada de fábulas, técnicas cooperativas do folio xiratorio, historias encadenadas, dramatizacións... ou como elemento motivador para introducir diferentes contidos.

Dende infantil potenciamos o préstamo dende a biblioteca Estrela. Para ilo, cada aula dispón dunha sesión para poder baixar a facer o préstamo na propia biblioteca e desta forma involucrar aos nenos/as de forma autónoma na selección de libros respetando os seus propios intereses e nivel madurativo.

### **SAMAÍN/MAGOSTO:**

Entre outros:

- A bruxa regañadentes.
- Corre corre Cabaciña.
- A cociña da bruxa.
- A casa enmeigada.
- A figueira de Pelostortos.



- Carabuñas
- A todos los monstruos les da miedo la oscuridad.
- Yo mataré monstruos por ti.
- El hospital de litera Tura

### **NADAL:**

- Cando Martiño tiña ganas de mexar na noite de reis.
- Ya es navidad.
- Fermín y los reyes magos.
- Los superpreguntones: lo que sabemos de la navidad.

### **VALORES**

- Que bigotes me pasa?.
- El Muro.
- El hilo invisible
- Pájaro Amarillo.
- Elmer
- Por cuatro esquinitas de nada.
- Dentro de mi corazón..
- ¿Que bigotes me pasa?
- Os meus adorables veciños
- Unha morea de botòns
- Eu teño duas casa
- Os meus increíbles veciños

.... Entre outros que xurden para o proxecto

- un universo na tua maleta.
- Devomos pinturas.
- O cadro mais bonito do mundo.
- Atlas das viaxes...

### **1º EDUCACIÓN PRIMARIA**

No noso centro temos establecido que o tempo de ler levarase a cabo diariamente entre as 12:15 e as 12:45 horas, dentro da aula ou noutros espazos que consideremos axeitados (o patio, a biblioteca, etc).

Debemos ter en conta que no 1º ciclo é onde se comeza co proceso de adquisición da lectoescritura, polo cal será un pilar fundamental no noso día a día, non soamente na hora de ler, prestando especial atención a aquel alumnado que precisa mais reforzo.

## 1. Obxectivos do plan anual de lectura:

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura, e sobre todo a lectura por pracer.
- Dentro do proceso lectoescritor, darlle un papel fundamental ao proceso lector, tanto á persoa que le como á persoa que escoita.
- Facer no mes de outubro unha formación de usuarios sobre o funcionamento da biblioteca para o alumnado, xa que aínda que moitos deles xa o coñecen doutros anos, o alumnado novo procedente doutros centro precisa formación. Para iso contamos coa axuda da coordinadora da biblioteca, e levaremos a cabo actividades de identificación de etiquetas, rexistro no ordenador, catalogación de libros, identificación de usuarios e normas de uso da biblioteca e de empréstito de libros.
- Creación dunha biblioteca de aula na clase, dinámica e variable, que iremos enriquecendo con fondos da aula, da biblioteca e dos propios alumnos, segundo os centros de interese que esteamos a traballar en cada momento.
- Asistencia á biblioteca do centro unha vez á semana para realizar devolución e empréstito de libros, tarefas de investigación e de busca de información e actividades relacionadas coa Biblioteca Creativa, os xogos de mesa e o espazo Maker (Polos Creativos).
- Participación nas actividades de dinamización organizadas polo equipo de biblioteca, como por exemplo a actividade de “Leme, profe”, os apadriñamentos e amadriñamentos lectores ou as actividades a levar a cabo para celebrar o Día do Libro.

## 2. Organización do plan anual de lectura:

Todos os días temos o “tempo de ler” de 12:15 a 12:45. Os mércores, xoves e venres esta actividade lévase a cabo coa mestra titora, e neste tempo facemos diferentes actividades:

- Lectura individual, en parellas ou en pequenos grupos de contos da biblioteca de aula.
- Lectura colectiva por parte da mestra ou por parte dalgún alumno/-a.
- Actividades relacionadas co fomento da lectura:
  - Comentar noticias de periódicos ou revistas.
  - Lectura de diferentes tipos de textos (cómic, revistas, anuncios, carteis, etc).
  - Dramatización voluntaria de algún conto ou pequena obra.

- Actividades suxeridas polo alumnado relacionadas coa lectura.

- Debemos ter en conta que o alumnado de 1º nesta etapa está inmerso no afianzamento do proceso lectoescritor, polo cal a independencia á hora de facer lectura silenciosa será cada vez maior. Procuraremos fomentar positivamente todas aquelas actividades que o neno/-a leve a cabo relacionadas coa lectura por pracer, sen ningún outro obxectivo.
- Empregaremos para o proceso lectoescritor, para aquel alumnado que aínda non é autónomo na lectura, principalmente, 3 coleccións de libros: a de “Leo con Bubela”, a de “Os contos da rata Luisa” e a de “Pati e Moly”.
- Unha vez á semana (os venres) acudiremos á biblioteca do centro a facer empréstimo de libros para levar á casa durante a semana. Procuraremos que progresivamente o alumnado sexa mais autónomo á hora de meter o seu número de carné no ordenador, o número de rexistro do libro, etc.

En todos os momentos de lectura traballaremos contos, noticias, revistas, novas e libros adaptados aos intereses do alumnado, tanto en formato dixital como en formato papel.

Teranse en conta as conmemoracións que se celebren tanto a nivel de centro (Día das Bibliotecas, Semana da Ciencia, Día da muller, etc.) coma a nivel de aula (Día da nena, Día do Consumo de Enerxía, Día de Rosalía, etc).

Tamén teremos en conta o proxecto anual de centro “Países do mundo”.

## **2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

No noso centro este curso escolar, ao igual que o curso anterior, establecemos que o tempo de ler levarase a cabo diariamente entre as 12:15 e as 12:45 horas, dentro da aula ou noutros espazos do centro, dependendo da actividade que se estea a realizar e o momento no que se leve a cabo.

Debemos ter en conta que no 1o ciclo é onde se comeza e se afianza o proceso de adquisición

da lectoescritura, polo cal será un pilar fundamental no noso día a día, non soamente na hora de ler, prestando especial atención a aquel alumnado que precisa máis reforzo.

### **1 Obxectivos do plan anual de lectura:**

Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura, e sobre todo a lectura por pracer.

Dentro do proceso da lectoescritura, darlle un papel fundamental ao proceso lector, tanto á persoa que le como á persoa que escoita.

Facer no mes de outubro unha formación de usuarios sobre o funcionamento da biblioteca para o alumnado, xa que aínda que moitos deles xa o coñecen doutros anos, o alumnado novo procedente doutros centro precisa formación. Para iso contamos coa axuda da coordinadora da biblioteca, e levaremos a cabo actividades de identificación de etiquetas, rexistro no ordenador, catalogación de libros, identificación de usuarios e normas de uso da biblioteca e de empréstimo de libros.

Creación dunha biblioteca de aula na clase, dinámica e variable, que iremos enriquecendo con fondos da aula, da biblioteca e dos propios alumnos.

Asistencia á biblioteca do centro unha vez á semana para realizar devolución e empréstimo de libros, tarefas de investigación e de busca de información e actividades relacionadas coa Biblioteca Creativa, o espazo Maker e a Radio na Biblio.

Participación nas actividades de dinamización organizadas polo equipo de biblioteca, como por exemplo a actividade de “Leme, profe”, a cita a cegas cun libro, os apadriñamentos lectores ou as actividades a levar a cabo para celebrar o Día do Libro.

### **2. Organización do plan anual de lectura:**

Todos os días temos o “tempo de ler” de 12:15 a 12:45. Os luns e xoves esta actividade lévase a cabo co mestre titor, e neste tempo facemos diferentes actividades:

- Lectura individual, en parellas ou en pequenos grupos de contos da biblioteca de aula.
- Lectura colectiva por parte do mestre ou por parte dalgún alumno/a.

- Invención de contos e relatos orais por parte do mestre e do alumnado.
  - Invención de contos e relatos escritos por parte do alumnado.
  - Actividades relacionadas co fomento da lectura.
    - Comentar noticias de xornais ou revistas.
    - Lectura de diferentes tipos de textos (cómic, revistas, anuncios, carteis, etc).
    - Dramatización voluntaria dalgún conto ou pequena obra.
    - Actividades suxeridas polo alumnado relacionadas coa lectura.
  - Debemos ter en conta que o alumnado de 2o nesta etapa está inmerso no afianzamento do proceso da lectoescritura, polo cal a independencia á hora de facer lectura silenciosa será cada vez maior. Procuraremos fomentar positivamente todas aquelas actividades que o neno/a leve a cabo relacionadas coa lectura por pracer, sen ningún outro obxectivo.
  - Empregaremos para o proceso da lectoescritura, para aquel alumnado que aínda non é autónomo na lectura, principalmente, 3 coleccións de libros: a de “Leo con Bubela”, a de “Os contos da rata Luisa” e a de “Pati e Moly”.
- Unha vez á semana (os luns) acudiremos á biblioteca do centro a facer empréstito de libros para levar á casa durante a semana. Procuraremos que progresivamente o alumnado sexa máis autónomo á hora de meter o seu número de carné no ordenador, o número de rexistro do libro, etc.
- En todos os momentos de lectura traballaremos contos, noticias, revistas, novas e libros adaptados aos intereses do alumnado, tanto en formato dixital como en formato papel.
- Teranse en conta as conmemoracións que se celebren tanto a nivel de centro (Día das Bibliotecas, Semana da Ciencia, Día da muller, etc.) coma a nivel de aula (Día da nena, Día do Consumo de Enerxía, Día de Rosalía, etc).
- Tamén teremos en conta o proxecto anual de centro “Unha viaxe polo mundo”.

### 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

#### a) Formación de usuarios

Traballaremos sobre a organización dos fondos bibliográficos na biblioteca do centro, facendo actividades que nos leven ao coñecemento da CDU, á identificación das etiquetas e sinalizadores que se empregan neste espazo, á diferenciación das distintas seccións e ao respecto das normas de uso da biblioteca e de empréstimo de fondos, fomentando a responsabilidade no uso e coidado deste recurso común de todo o centro.

#### b) Fomento do hábito lector

Levarase a cabo a través de diversas actividades:

- Creación da biblioteca de aula, que trataremos de que sexa dinámica e variable e ofrezca diferentes tipos de recursos (literarios, informativos, xornalísticos, de creación propia...) Esta tamén se empregará como apoio a tarefas e proxectos que se leven a cabo na aula.
- Asistencia á biblioteca do centro unha vez á semana para realizar devolución e empréstimo de libros, así como outras actividades de experimentación, investigación e tratamento da información, xogo educativo...
- Asistencia á biblioteca para desenvolver tarefas de investigación e actividades relacionadas coa Biblioteca Creativa: materiais da mesa de luz, construcións, robótica, programación, radio escolar...
- Participación nas actividades de dinamización organizadas polo equipo de biblioteca: “Apadriñamentos lectores”, “Leme, profe”, “Cita a cegas cun libro”, actividades relacionadas con diversas celebracións: Día do Libro, día das Escritoras... e actividades en relación ao proxecto do centro “O mundo nunha viaxe”
- Recomendacións de lecturas entre iguais. Serán realizadas polo propio alumnado que, de xeito libre, queira compartir cos compañeiros aqueles títulos que máis lles gustan, de xeito que sexa un incentivo para que outros alumnos inicien novas lecturas e se acheguen a diferentes tipos de libros.

#### c) Organización do tempo de ler

Levarase a cabo todos os días dende as 12: 15 ata as 12: 45.

Combinaranse momentos de lectura individual con outros de lectura en pequeno grupo ou colectiva. Ademais, tamén se levarán a cabo xogos de lectura co fin de mellorar a fluidez lectora, lecturas por parte da titora ou dalgún alumno, faladoiros a partires de lecturas compartidas, lecturas dixitais, etc.

Incluiranse títulos tanto en galego e castelán, inda que se tratará de potenciar dunha forma especial a lectura en galego, posto que se observa un maior hábito de lectura en castelán e a gran maioría do alumnado ten máis dificultades na competencia lingüística en galego. Tamén se introducirán, nalgunhas ocasións, lecturas en inglés.

## 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### a. Formación de usuarios

Dedicaremos o mes de outubro á formación de usuarios independentemente de que se fagan máis actividades no resto do ano. Investigaremos sobre a CDU, identificación de etiquetas, espazos e seccións, normas de uso da biblioteca e de empréstimo de libros a nosa biblioteca e faremos un pequeno taller de edición do noso propio libro.

Aproveitando que traballaremos o texto instrutivo elaborárase un folleto dirixido ás familias para informar de como consultar o catálogo da biblioteca dende casa agora que empregamos o programa Koha.

### b. Fomento do hábito lector

Levarase a cabo a través de diversas actividades:

- Creación da biblioteca de aula, dinámica e variable, que iremos diversificando entre fondos de aula e da biblioteca.
- Asistencia á biblioteca do centro unha vez á semana para realizar devolución e empréstimo de libros en combinación con outras actividades de experimentación, investigación, xogo educativo...
- Asistencia á biblioteca para desenvolver tarefas de investigación e actividades relacionadas coa Biblioteca Creativa: materiais mesa de luz, construcións, robótica e programación, radio escolar.
- Participación nas actividades de dinamización organizadas polo equipo de biblioteca: “Apadriñamentos lectores”, “Leme, profe”, “Cita a cegas cun libro” ou as actividades en col a diversas celebracións: Día do Libro, día das Escritoras...

### c. Organización horaria do tempo de ler

	LUNS	MARTES	MÉRC.	XOVES	VENRES
12.15 - 12.45	Lectura en grupo	Lectura individual	Lectura individual	Lectura individual	Lectura individual
Mestra	Titora	Alberto Pereiras	Mestra Música	Titora	Titora

Durante as sesións de **lectura en grupo** combinaremos lectura escoitada na que a mestra ou os compañeiros/as len para o grupo como lectura silenciosa individual.

Alternaranse títulos en galego e castelá das autoras/es que vaian visitando o centro con outros clásicos da literatura infantil galega e castelá.

As actividades de lectura escoitada e lectura colectiva irán seguidas de tempos para falar e reflexionar sobre os textos. Tomarase como referencia as indicacións de “Dime” do Fondo de Cultura Económica.

Durante a **lectura de prensa**, no segundo trimestre, visitaremos diferentes páxinas de Internet nas que leremos noticias principalmente en medios locais: Diario de Arousa, Voz de Galicia e Faro de Vigo (edición Arousa). Xa estamos iniciados tamén na prensa dixital para nenos/as co xornal “El gancho”. En papel, leremos mensualmente o exemplar de “O papagaio” que recibimos no colexio.

Os luns estarán dedicados á lectura en grupo. Achegarémonos aos clásicos e á literatura de actualidade nesta sesión e tamén durante algunhas sesións de traballo nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá.

O resto da semana realizaremos **lectura libre (individual ou en parellas)**.

**d. Horario de biblioteca**

Asistiremos periodicamente á biblioteca en os xoves de 12.15 a 12.45 h. e para aquelas actividades de procura de información e tratamento relacionadas tanto co proxecto de centro que estamos a levar a cabo este ano “O mundo nunha viaxe” como coas demais unidades didácticas e miniproxectos que se desenvolvan na aula ao longo do curso.

**e. Cadro resumo actividades**

Actividades	OUT	NOV	DEC	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ
Lectura en grupo no TL: <b>As peripecias de Extravaganza Pérez</b>									
Gamificación “ <b>A coleccionista e os devoradores de libros</b> ”									
Elaboración das instrucións para consultar o <b>catálogo da biblioteca</b> dende a casa.									
Lectura en grupo: <b>prensa</b> . Lectura de xonais dixitais e xornais infantís como “El gancho” (online) e “O papagaio” (en formato papel mensualmente no centro).									
Lectura en grupo: “ <b>El club de los raros</b> ”									
Lectura en grupo: “ <b>Un beso de mandarina</b> ”									
Elaboración dunha <b>guía de recomendacións lectoras</b> para o verán.									

**TERCEIRO CICLO :5º e 6º**



## 1. Fomento dos obxectivos do plan anual de lectura.

Á hora de desenvolver os obxectivos propostos no plan anual de lectura levaremos a cabo as seguintes accións:

- Sesión de formación de usuarios, no mes de outubro, a través dunha metodoloxía activa, grupal e lúdica a fin de formar sobre distribución dos fondos, o sistema de clasificación, os procedementos de busca e as normas de uso e préstamo.
- Organización dos libros na biblioteca de aula baseándonos nos criterios da biblioteca do colexio.
- Optimización da biblioteca de aula dotándoa con fondos da biblioteca (mediante un préstamo rexistrado co carné de grupo que se renova mensualmente) e dos libros aportados pola mestra e polo alumnado.
- Utilización da biblioteca como lugar de traballo e consulta e tamén como lugar de lectura por pracer.
- Asistencia de, polo menos, unha sesión semanal á biblioteca para investigar e realizar o préstamo de libros.
- Motivación do alumnado para que se documente sobre o que se está a traballar na aula ou as posibles temáticas a tratar.
  - Lectura de información en formato papel e dixital.
  - Participación en actividades de dinamización organizadas polo equipo de biblioteca.
  - Fomento da lectura e da escritura no blog da biblioteca.
  - Celebración do Día do Libro.
- Busca de textos adecuados á idade e interese dos nenos e nenas do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas.

## 2. Fomento do hábito lector

No fomento da lectura por pracer é fundamental o tempo de ler: gozar da lectura por pracer tanto por parte do alumnado coma das mestras. O tempo de ler lévase a cabo todos os días despois do recreo, en horario de 12:15 a 12:45 horas.

O Tempo de Ler coas mestras titoras realízase do xeito que se especifica a continuación: Actividades do Tempo de Ler

- Lectura individual, por parella ou en tríos.
- Presentación e lectura por parte dunha nena ou neno.
- Presentación e/ou lectura por parte da mestra.

### Aspectos básicos do Tempo de Ler

- A lectura como pracer.
- Lemos porque si, porque queremos, e lemos o que queremos.
- Lemos como estamos cómodos (con mesa, sen mesa, no chan....)
- Lemos en silencio individualmente e sen interrupcións ou en parella ou trío (se as persoas implicadas queren).
- Lemos por ler, non se nos pide nada a cambio.

- Lemos aportacións do alumnado, da mestra, do equipo de biblioteca... •
- Lemos narrativa, xornais, cómics, revistas, folletos...
- Lemos na aula, na biblioteca, no patio.

### **3. Fomento da competencia lectora**

O desenvolvemento da competencia lectora implica o uso de distintas estratexias de comprensión lectora que serán traballadas en todas as áreas.

Teranse en conta:

- Os coñecementos previos cos que conta a lectora ou lector.
- As intencións ou obxectivos da lectura.
- A funcionalidade da lectura.

As estratexias a levar a cabo serán:

Antes da lectura:

- Activar os coñecementos previos sobre o que se vai ler.
- Establecer predicións sobre o texto.
- Fomentar as preguntas sobre o texto.

Durante a lectura:

- Realizar lectura modelada.
- Realizar lectura individual silenciosa previa a actividades de lectura expresiva. • En actividades de lectura compartida: formular predicións sobre o texto, facerse preguntas sobre o que se leu, resumir ideas do texto...
- En lectura individual: facer prácticas de textos con lagoas para completar, de reescritura de textos...

Despois da lectura:

- Formulación de preguntas por parte do lector ou lectora.
- Respostas a preguntas de tipo literal.
- Respostas a preguntas que impliquen inferencias relacionais entre diversos aspectos do texto.
- Elaboracións persoais sobre o texto.

## 20. PLAN DE BIBLIOTECA. CONCRECIÓN ANUAL.

→ Constitución do equipo:

O equipo de biblioteca está constituído por:

- ◆ Rosario Vilas Galiñanes como coordinadora PLAMBE.
- ◆ Rosario Vilas Galiñanes como coordinadora creativa.

- ◆ Maria de los Ángeles Ramos Calvelo, coordinadora radio.
- ◆ Luisa Mallo encargada do blog de biblioestrela.
- ◆ Silvia Piñeiro Rodríguez.
- ◆ Rocio Bernardez Cibeira.
- ◆ Silvia Chantada Gómez

→ Horario de funcionamento:

- ◆ A biblioteca funcionará durante o horario lectivo establecendo un horario organizado para que cada unha das aulas poida disfrutar da biblioteca.
- ◆ Seguimos coa apertura da biblioteca polas tardes de 16-18h.
- ◆ Apertura da biblioteca dinamizando os “patios divercreativos”

→ Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

- ◆ **En relación coa organización e xestión; a configuración da biblioteca como «laboratorio creativo de aprendizaxes».**

Espazo creativo “Dalle que dalle”

- Optimización dos recursos e reorganización doutros: lego, electrónica, costura, luces...
- Optimización da zona chroma coa técnica “screen green”.
- Potenciar o uso da impresora 3D por medio de retos.

Radio escolar

- Continuar coa dinamización da radio escolar.
- O equipo de biblioteca está a elaborar material de apoio á elaboración de guións radiofónicos para facilitar o inicio ao profesorado novo. Xa se están preparando as primeiras actividades nas aulas.
- Contamos co orzamento da resolución do programa “Radio na biblio”,

### Recuncho de robótica.

- Continuamos no programa “Biblioteca Creativa”, e “Robótica en Primaria”
- Continuamos coa ampliación e mellora do recuncho de obras específicas para o profesorado (pedagogía, proxectos, propostas didácticas....)

### Recuncho de cociña: O furancho de Estrela.

- Continuamos coa ampliación e mellora do recuncho

### Recuncho de costura: O atelier de Estrela.

- Continuamos coa ampliación e mellora do recuncho.
- ◆ Formación do profesorado en todo o referente á organización e xestión da biblioteca.
- ◆ Formación dos novos axudantes.

### → **En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución a desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.**

- ◆ Darlle continuidade ao fío conductor do centro “viaxes polo mundo” por medio de cartas de Estrela onde se propoñen retos que potencien o uso da biblioteca así como os recursos a disposición.
- ◆ Exposicións temáticas, de novidades, edición de boletíns, cartas de Estrela....
- ◆ Promoción do emprego da biblioteca como centro de recursos por toda a comunidade escolar tamén en horario non lectivo.
- ◆ Fomentar o emprego da biblioteca como centro de recursos entre o novo profesorado do centro.

### → **En relación coa formación de usuarias/os e a adquisición da competencia informacional**

- ◆ Fomentar metodoloxías de traballo que impliquen a busca e tratamento de información.
- ◆ Actividades relacionadas cos formación de axudantes (xogos, buscas, investigacións, proxectos)
- ◆ Avanzar na sistematización do programa de formación de usuarias/os.

→ **En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do proxecto lector de centro.**

- Visitas e obradoiros con autores, ilustradores, contacontos.
- Organización das bibliotecas de aula.
- Elaboración do plan de lectura do centro.
- Fomento da hora de ler.
- Revisión e posta ao día do Plan Lector de Centro.
- Posta en funcionamento das “mochilas viaxeiras”

→ **En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva**

- ◆ Avanzar en adaptar toda a sinalética a linguaxe de pictogramas
- ◆ Continuar ampliando o abano de bibliografía inclusiva: igualdade de xénero, obras adaptadas ao alumnado con necesidades específicas...
- ◆ Seguir loitando para que doten os accesos á biblioteca de rampas.

(Cadro de actividades e de textos para o curso académico 2023/2024)

## PLAN ANUAL DE LECTURA

### Obxectivos xerais

Dentro dos obxectivos que pretendemos acadar para o presente curso académico 2023/2024 están:

1. Facer partícipes dende o primeiro momento deste proxecto multidisciplinar ao novo alumnado que se incorporan ao colexio.
2. Estimular e potenciar o hábito lector do noso alumnado tanto como medio de entretemento como de método de investigación para a súa autoformación.
3. Proporcionar, a través da lectura, un apoio continuo na tarefa de ensinanza e aprendizaxe así como impulsar o cambio educativo reflectido na adquisición das Competencias Clave.
4. Mostrar a biblioteca do colexio aos nen@s como espazo común de: ocio (a lectura como pracer) e de información (a lectura como búsqueda de información para a adquisición de coñecementos novos).

A biblioteca é un espazo idóneo para animar a ler, porque nel favorécese a liberdade de elección de textos en soportes moi diversos. Facilita a comunicación e os intercambios entre o adulto e as/os nenas/os, posibilita ocasións de contacto afectivo cos textos.

5. Atraer a aquel alumnado que ten pouco interese pola lectura, ofrecéndolles obras de diverso tipo (cómic, libros sen texto, libros con ilustracións atractivas, libros con solapas, libros despregables...)

Para que todos estes obxectivos se cumpran, expoñemos diversas propostas para que cada do docente escolla de entre elas, dependendo da actividade que estamos a facer, e por suposto do nivel de aprendizaxe que teñen os seus alumnos:

- O libro (presentacións, debates, guías de lectura, encontros con autores...).
- A escrita, (xogos coa linguaxe, dicionarios fantásticos..., a tradición oral e a poesía, provocación de historias individuais, colectivas, con cartas, dossieres, diarios e revistas escolares, creación de libros,)
- Expresión oral (cantar, recitar, xogos fonéticos, conta contos) · Diversas formas de expresión, como a ilustración, a historieta, a publicidade, o cine, o teatro ou a música.

## 21.PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE TAREFAS EXTRAESCOLARES

Dentro do marco da autonomía pedagóxica e organizativa que nos pertence, acórdase no noso centro a importancia de establecer pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa da educación primaria.

Estas tarefas están orientadas como un reforzo imprescindible dende a casa, para que todo o alumnado acade os obxectivos que correspondan ao seu curso e alcance o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Trátase dunha medida de apoio ou reforzo educativo que adoptamos dende o centro, para facilitar o progreso educativo do noso alumnado. Para levar a cabo esta medida contamos coa participación e apoio das familias así disposto no artigo 7 do decreto 105/2014.

As tarefas estarán adaptadas en todo momento ás características individuais de cada alumno e alumna, a súa realidade educativa e a familiar, sendo a familia a principal colaboradora coa escola para que os noso alumnado teña unha educación integral.

## 22. PLAN DIXITAL

A elaboración do Plan Dixital de centro foi un proceso dinámico, colaborativo, activo e participativo entre todos e todas os compoñentes que conforman o equipo do PD. Foi moi beneficiosa a heteroxeneidade do grupo, xa que as propostas xurdidas foron reais e necesarias para un bo desenvolvemento das competencias TIC no profesorado, alumnado e familias. O equipo tenta que con este documento vivo queden plasmadas as necesidades e as fortalezas do centro, e así, poder ir actuando sobre elas de maneira progresiva ao longo dos vindeiros cursos.

Os obxectivos previstos para este curso son:

- Desenvolver estratexias que permitan actuar de xeito legal, seguro e sen perigos en internet ou na rede.

**Accións:** - Crear un equipo de traballo interdisciplinar que guíe o traballo.

- Solicitar Plans e Programas como o Plan Director e Navega con Rumbo.

- Crear un Protocolo de uso legal e seguro na rede tanto para o alumnado como para o profesorado.
- Creación dun cuestionario sobre uso seguro, legal e sen perigos na rede e a súa publicación na Aula Virtual.
- Implementar os entornos virtuais de aprendizaxe.

**Accións:** - Construír un equipo de traballo para implementar os entornos virtuais de aprendizaxe.

- Formación en coñecemento básico dos entornos virtuais de aprendizaxe.

- Conseguir que o alumnado sexa autónomo á hora de manexar a aula virtual.

- Promover o uso de ferramentas dixitais de software libre no proceso de ensino-aprendizaxe.

**Accións:** - Construír un equipo de traballo para promover o uso de ferramentas dixitais de software libre.

- Crear un repositorio con ferramentas dixitais libre útiles para cada un dos ciclos educativos.

- Solicitar formación para a aprendizaxe no uso de ferramentas de especial interese para o profesorado.

- Poñer en práctica actividades utilizando as ferramentas dixitais libres.

**ENLACE AO PLAN DIXITAL DO NOSO CENTRO:**

[HTTPS://WWW.EDU.XUNTA.GAL/EDUCALIDADE/BUSCAPLANACTION?CODPLAN=1&CODCONVOCATORIA=132&CODCENTRO=36000648](https://www.edu.xunta.gal/educalidade/buscaplanaction?codplan=1&codconvocatoria=132&codcentro=36000648)

## 23. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL

### Constitución do equipo:

María Cruz Alfonso Laya (coordinadora)

María Barreiro Núñez

Rocío Ramos Pereira

Luisa Mallo Pereira

Carmen Fernández Seco

Este equipo está conformado polos responsables TICs dos outros equipos: equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Extraescolares e Equipo de Biblioteca. Deste xeito queremos que as TICs formen parte da dinámica xeral de funcionamento do centro e non ser un elemento ocasional ou de uso puntual.

### Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

Dende hai un par de anos, no noso centro dispoñemos de fibra óptica en todo o centro, o que mellorou considerablemente a conectividade, xa que antigamente cada vez que chovía ou había un pouco de vento perdíamos a conexión constantemente. Hoxe en día apenas temos incidencias coa conectividade.

Dispoñemos de conexións cableadas e tamén wifi en todas as aulas, en dirección, na sala de fotocopiadoras, na sala de mestres/-as, e dende o curso pasado tamén na biblioteca e en Polos Creativos. Isto era unha mellora que levábamos solicitando varios cursos, xa que os equipos E-dixgal soamente se conectan por redes sen fíos.

O equipamento do centro é o seguinte:

- Aulas dixitalizadas: actualmente as aulas de infantil e 1º ciclo contan cun monitor dixital instalado o curso pasado. As aulas do 2º ciclo contan cun ordenador (portátil ou de sobremesa) para o mestre/a que se atope nesa aula e canón proxector. Agardamos que este curso se dote con monitor dixital ao resto das aulas.
- Proxecto E-dixgal: contamos con equipos individuais para mestres/as e alumnado nas aulas de 5º e 6º de Primaria, co seu propio punto de conectividade e canón proxector. Tamén contamos con dous equipos a maiores de reposto.
- Equipos de xestión e administración: dispoñemos de tres ordenadores fixos para labores do equipo directivo. A maiores, a directora dispón dun equipo portátil.



- Uso na biblioteca: neste espazo temos un equipo mercado hai dous anos cos fondos do centro para renovar o que había, necesario para as tarefas de catalogación, préstamos e documentación. Tamén temos un equipo na radio para as labores de gravación e edición, e o curso pasado mercamos unha pantalla dixital para este espazo.

- Aula Polos Creativos: dispoñemos de un ordenador fixo e tres portátiles, así como 14 tablets.

- Equipos para uso na sala de mestres/-as e departamentos: na sala de mestres non temos ordenadores, pero si temos dous na sala de fotocopias. No departamento de Orientación, a orientadora dispón dun equipo portátil, e a mestra de AL ten un equipo fixo na súa aula, rescatado e arranxado este curso escolar. A mestra de PT emprega o seu propio ordenador persoal.

- Equipos ultraportátiles para aulas móbiles: dispoñemos de 14 tabletas que poden ser empregadas libremente por calquera aula ou grupo de alumnos, aínda que catro delas xa teñen unha antigüidade superior aos cinco anos.

- Dende o curso pasado tamén dispoñemos dun carro de carga con 23 ordenadores miniportátiles que poden ser empregados en calquera aula. Este parécenos un recurso moi importante e con moitas posibilidades.

Empregamos como canle oficial de comunicación coas familias o Abalar móbil.

Toda a información relativa aos procesos burocráticos do centro (matrícula, admisión, axudas para materiais e libros de texto, etc) tamén se publica na páxina web do centro

[www.edu.xunta.es/centros/ceipenriquebarreiro](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipenriquebarreiro). Nesta páxina web tamén se publican as actividades relacionadas coa vida escolar, tanto escolares como extraescolares (saídas, proxectos, celebracións...).

Dispoñemos dunha aula virtual do centro que empregamos sobre todo na pandemia, e que a día de hoxe seguimos empregando co alumnado dende Infantil ata 4º de Primaria para colgar tarefas, traballos, información e actividades. [www.edu.xunta.es/centros/ceipenriquebarreiro/aulavirtual2](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipenriquebarreiro/aulavirtual2)

Temos E-Dixgal en 5º e 6º, e empregamos a plataforma a diario como un elemento mais do proceso de ensino-aprendizaxe. Coñecemos o espazo Abalar, pero a verdade é que non o empregamos, así como tampouco a rede Agueiro. Temos unha coordinadora TIC no centro, e entre ela e a xefa de estudos tentamos ir solucionando os pequenos problemas informáticos que van xurdindo día a día.

Debido á tardanza en arranxar un equipo cada vez que temos que chamar á Unidade de Atención a Centros, optamos por contratar os servizos dun técnico informático ao que chamamos cando precisamos arranxar un equipo, con cargo aos gastos do centro.

O que si que funciona ben é o servizo premium E-dixgal, do cal botamos man sempre que temos algunha incidencia relacionada con este programa e que na maioría das veces é solucionada con celeridade e eficiencia.

## Concreción anual dos obxectivos e actuacións

- En relación co traballo de aula:

- Dotar ao centro educativo das infraestruturas necesarias para un bo funcionamento do mesmo.
- Optimizar os recursos que nos oferta a Rede Abalar e ampliar progresivamente os mesmos e os seus usos, así como avanzar na dotación xeral do centro en medios e recursos audiovisuais e informáticos.
- Potenciar o uso de material dixital nas aulas como un recurso máis no desenvolvemento ordinario das clases, empregando as tablets nos cursos mais baixos e os ordenadores (tanto os de aula como os persoais) a partir de 3º de Primaria.
- Renovar os equipos informáticos da maioría das aulas, que en moitos casos están a quedar obsoletos. A dotación por parte da Consellería das pantallas interactivas en Infantil e 1º ciclo supuxo un pulo moi grande neste aspecto.
- Conseguir que o alumnado sexa autónomo (a partir de 3º de Primaria) para entrar na aula virtual do centro, unirse a unha chamada, recibir e entregar tarefas a través da aula virtual, enviar e recibir mensaxes a través de diferentes canles, etc. En definitiva, que sexa autónomo para poder levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe dende a súa casa en caso de precisalo, ou para facer tarefas puntuais dirixidas dende o centro.
- Fomentar a creación por parte do profesorado, e tamén do alumnado, de materiais dixitais relacionados cos proxectos e tarefas levados a cabo no centro e nas aulas: presentacións, booktubers, redaccións, xogos, vídeos, animacións, programación, etc.
- Fomentar a competencia dixital a través de:
  - Emprego das TIC para búsqueda de información. En primaria, cada clase conta con dúas horas de apoio por parte doutra mestra para fomentar as investigacións. A maiores, contamos con 14 tablets a disposición de todas as aulas para traballar dixitalmente con diferentes tipos de aplicacións e un carro con 23 miniportátiles.
  - Comunicación da información a través das TIC: creación de textos, presentacións, vídeos, programas de radio (hai uns anos púxose en funcionamento a radio escolar, e tivo moi boa acollida entre o alumnado e fixéronse moitos podcasts).
  - Programación de robots (Scornabot, Mbot, etc), con coñecementos básicos de robótica.
- Fomentar a autonomía do alumnado á hora de traballar con ordenadores dentro da aula.
- Potenciar o uso do equipamento e dos contidos Abalar e dos contidos dixitais do proxecto E-Dixgal nas aulas de 5º e 6º.
- En definitiva, sacar o maior proveito educativo ás TIC dende o punto de vista lingüístico (creación de pequenos textos, planificación, ortografía, toma de decisións,

revisión, etc) e fomentar a relación familia-escola, dándolle visibilidade aos proxectos e actividades que levamos a cabo no centro, aos produtos finais do alumnado e todas aquelas actividades que consideramos de interese para a comunidade educativa.

- En relación coa páxina web:

Durante o confinamento do curso 2020, e a partir de entón, a páxina web do centro converteuse nunha das principais canles de comunicación entre o centro e a comunidade educativa. Por iso hai tres cursos, axudadas pola coordinadora Abalar da nosa zona, démoslle un cambio a nivel visual, quitando apartados que non considerábamos útiles e redeseñando os apartados da mesma. A nova distribución permite acceder máis facilmente á información, e reflicte dun xeito moito máis visual o noso xeito de traballar. Entre os obxectivos a acadar para mellorar a nosa páxina web están:

- Actualizar e renova-la ao longo do curso, con informacións útiles para as familias, e empregala como canle de comunicación entre toda a comunidade escolar.
- Colgar todos aqueles documentos que lle poidan facer falta ás familias nalgún momento do curso escolar (xustificación de faltas, altas e baixas no comedor escolar, becas, listas de libros e material escolar...etc) para facilitar o papeleo. Moitos deles xa están dispoñibles.
- Empregar o blogue da biblioteca para divulgar os traballos realizados polo alumnado e para que o alumnado e as súas familias expresen a súas opinións e suxestións de mellora, ao igual que a canle de Ivoox para os programas da radio escolar.

## 24. PLAN ABALAR/EDIXGAL

**Coordinadora:** Rocío Ramos Pereira

**Cursos, número de alumnado e profesorado responsable**

Curso	Numero de alumnas e alumnos	Mestra responsable
5ºA	18	Leticia Riveiro Valverde
6º A	21	María Barreiro Núñez

### Desenvolvemento do plan

Entre as actuacións a desenvolver durante este curso destacan as seguintes:

- Compartir coñecementos e experiencias entre o profesorado.
- Priorizar actividades que favorezan o desenvolvemento da Competencia Dixital.
- Empregar asiduamente o programa Abalar: portátil e plataforma EVA.
- Empregar programas básicos preinstalados nos ordenadores Abalar.
- Utilizar o Libreoffice na dinámica de aula.
- Seleccionar e utilizar os recursos do EspazoAbalar, os contidos dixitais de E-Dixgal ou de elaboración propia.
- Levar a cabo tarefas que requiran investigación a través das TIC.
- Realizar actividades nas que haxa participación colaborativa.
- Comunicarse coas familias a través de Abalar móbil.

### Avaliación

A valoración realizarase a través dos seguintes elementos:

- Compartir información e experiencias entre as mestras.
- Utilizar na aula o equipamento Abalar cunha periodicidade mínima de cinco sesións semanais.
- Utilizar tres ou máis programas preinstalados nos ordenadores.
- Realizar distintos tipos de textos co Libreoffice.
- Realizar actividades onde o alumnado elabore textos e presentacións co Libreoffice

## 25. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

Ao longo do curso preténdese levar a cabo diferentes actuacións que favorezan motivación pola práctica de actividade física tanto dentro como fóra do horario lectivo, así como promover bos hábitos de alimentación e hixiene entre o alumnado.

Para isto, levarase a cabo un programa de psicomotricidade dirixido ao alumnado de Educación Infantil, no que os 5 días á semana se traballarán rutinas diarias de movemento, fundamental para un desenvolvemento neurofuncional axeitado.

Continuando co alumnado de Educación Primaria, traballaremos dende tres ámbitos: por un lado a alimentación saudable, tanto no patio como na casa, dándolles a coñecer novos alimentos a través da participación no Plan Proxecta plus (Máis aló do prato). Por outro lado, a práctica de actividade física dentro do horario lectivo a través da participación na “Milla diaria” (PVAD).

Intentaremos reforzar a práctica da actividade física máis aló do horario lectivo e para iso precisaremos a axuda das familias, por exemplo para a participación en carreiras ou andainas ou co “apadriñamento dun sedentario”, no que o alumnado animará a un familiar ou coñecido a facer máis exercicio físico.

Ademais, dende a área de EF implementárase o aseo persoal logo da práctica de actividade física, participárase no “Froita na escola” e “Lácteos na escola”.

E, por último, a través dos Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD), participaremos en distintas actividades que nos ofrece o XOGADE (Iniciación ao atletismo en pista, deporte intercentros, Coñece o meu club,...) para dar a coñecer ao alumnado diferentes formas de ocupar o seu tempo libre, mellorar a súa condición física ou traballar de forma transversal os contidos da actividade física e os hábitos saudables.

## 26.ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 26.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL

Para o coñecemento da lingua materna predominante entre o alumnado, seguíronse as indicacións da administración para o cumprimento do indicado no decreto 79/2010. Neste senso levouse a cabo unha reunión coas familias do alumnado que se incorporaba por primeira vez ao centro (3 anos), ao final do curso anterior, na que se explicou a función da enquisa cuberta durante o proceso de matrícula (modelo oficial) para a determinación da lingua materna do alumnado.

Asemade, e seguindo as indicacións da administración ó respecto, para os restantes niveis (2º e 3º nivel do segundo ciclo de E.I.) tívose en conta a situación lingüística existente no curso anterior, no que xa fora recadada esta información nas entrevistas iniciais coas familias.

Neste senso tamén temos en conta que, tal como se indicada no proxecto lingüístico do centro, a lingua habitual da contorna é o galego.

O resultado das enquisas determinou que a lingua materna indicada polas familias do alumnado de 3 anos para o curso 2023-2024, é o galego nun 66%.

Por outra banda a lingua materna predominante nos restantes niveis será a empregada en cursos anteriores.

Ante estes resultados e considerando ademais que o galego é a lingua predominante na contorna, establécese que o galego será empregado como lingua vehicular nas aulas de E.I do noso centro, sen prexuízo das indicacións feitas tanto no Proxecto educativo, Programación xeral anual e Programacións didácticas, para a adquisición de ámbalas linguas cooficiais, e especialmente para o tratamento e uso da segunda lingua na aula.

En tanto á aproximación á lectoescritura, empregarase a lingua materna de cada alumno/a, agás nos casos nos que se trata de traballos de carácter grupal onde será utilizada a lingua vehicular citada con anterioridade.

As estratexias e actividades concretas para a adquisición da outra lingua atópanse indicadas de xeito concreto nas programacións de ciclo e de aula de Educación Infantil, así como no Proxecto educativo do centro e no propio Proxecto Lingüístico.

### 26.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

Neste curso 2023/24 o equipo de EDLG está formado por:

- Carmen Peña Muñiz

- M<sup>a</sup> Carmen Fernández Seco (coordinadora).
- M<sup>a</sup> Carmen Poza Fariña
- Alberto Pereiras
- María Barreiro Núñez
- Rocío Ramos Pereira

### **26.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE**

En tanto a valoración dos programas e actividades levados a cabo, dicir que todas as actividades que estaban propostas no proxecto foron adiante, sempre realizadas por parte do alumnado cunha actitude moi positiva e esforzándose por empregar o galego durante a xornada escolar.

Creemos acertada a decisión de vincular todas as actividades/conmemoracións que facemos co tema dos proxectos de centro. O ano anterior foi moi proveitoso o tema seleccionado pola proximidade aos nenos/as e incluso pola implicación que supuxo o traballo habitual con persoas alleas ao centro.

Recordar que traballamos sempre en colaboración co equipo de biblioteca e actividades complementarias e extraescolares, realizando unha reunión mensual para falar do traballo que se vai levar a cabo.

Cabe facer mención a que, entre os principais problemas que se teñen para poder desenvolver o proxecto foron principalmente económicos, problema que vimos sufrindo no presuposto que da como resultado un rexeitamento ou xa nos non pensamos en levar a cabo outras moitas actividades.

Comprometémonos a seguir mellorando e loitando para o fomento do uso da nosa lingua como vimos facendo ao longo destes anos.

## **27. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.CONCRECIÓN ANUAL.**

### **27.1 CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO**

Atendendo ao Decreto 120/1998 do 23 de abril polo que se regula a Orientación Educativa na Comunidade Autónoma de Galicia, e a ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o Departamento de Orientación queda constituído polos seguintes membros:

Xefa do Departamento de Orientación (OC)	Dna. Silvia Chantada Gómez
Mestra especialista en Audición e Linguaxe	Dna. Pamela Trelles Martínez
Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica	Dna. Rocío Ramos Pereira
Coordinadora de Educación Infantil	Dna. María del Carmen Poza Fariña
Coordinadora do 1º e 2º nivel de Ed. Primaria	D. Alberto Pereiras Estévez
Coordinadora do 3º e 4º nivel de Ed. Primaria	Dna. Rocío Bernúdez Cibeira
Coordinadora do 5º e 6º nivel de Ed. Primaria	Dna. Leticia Riveiro Valverde

## 27.2 ANALISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN Ó TIPO DE ALUMNADO E A OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Partimos da identificación e avaliación das necesidades do noso centro tendo en conta a valoración final realizada no curso anterior e, así mesmo, atendendo á realidade contextual actual analizada a través da dotación de recursos persoais e materiais, das avaliacións iniciais das respectivas titorías, da mestra de AL, do mestre de PT, da revisión dos informes psicopedagóxicos e informes anuais de apoio e das conclusións derivadas da CCP. Todo isto enmarcará os nosos obxectivos de traballo e a nosa liña de intervención, sendo flexibles na nosa resposta en función tamén das novas necesidades que vaian xurdindo ó longo do curso escolar.

O groso destas necesidades referidas ó centro, alumnado, profesorado, familias e recursos do contorno, están recollidas no plan de actuacións do departamento de orientación.

### 27.2.1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA: CONTEXTUALIZACIÓN.

O CEIP Plurilingüe "ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO", ten catalogadas na actualidade 6 unidades de Educación Primaria e 3 unidades de Educación Infantil.

No relativo á Orientación, o Dpto. de Orientación do CEIP Plurilingüe "ENRIQUE BARREIRO PIÑEIRO" depende do Dpto. de Orientación do IES Francisco Asorey e ten adscrita a EEI de A Modia; así mesmo comparte co C.E.I.P. de Corvillón, que neste caso depende do D. de Orientación do IES Cabanillas ; cos que se agarda establecer unha estreita colaboración de cara a facilitar o paso do alumnado de 6º de Ed. Primaria a 1º da E.S.O.

O centro sitúase no Concello de Cambados, próximo ao mar e limítrofe co núcleo urbano de Cambados. O nivel sociocultural das familias é medio, con implicacións laborais dos dous proxenitores o que ten proxeccións educativas evidentes. As familias son ao 50% castelán e galego-falantes, pero isto non se reflicte no alumnado, xa que a maioría emprega o castelán no centro educativo. A escolarización do alumnado faise, en lingua galega.

O Concello de Cambados conta cos seguintes servizos culturais e educativos:

- Biblioteca municipal
- Auditorio municipal
- Casas de cultura parroquiais. Tanto na biblioteca municipal coma nas casas de cultura parroquiais se realizan numerosas actividades de dinamización cultural.
- Escola municipal de Música e Conservatorio de Grao elemental.
- Outros centros educativos: IES Ramón Cabanillas, IES Francisco Asorey, CEIP Antonio Magariños, CEIP de Corvillón. CEIP de Castrelo. CEIP San Tomé, CEIP Enrique Barreiro Piñeiro, EEI de A Modia, EEI da Pastora.

### 27.2.2. -VALORACIÓN DE NECESIDADES

A diversidade supón que calquera alumno ou alumna ao longo de súa escolaridade pode presentar, de forma puntual ou permanente, unhas necesidades específicas que han de ser obxecto de atención específica. Así, a forma de atender á diversidade a nivel de centro partirá e fundamentarase nesta concepción da diversidade, así como nas seguintes dúas finalidades:

1. Prevención e detección das necesidades específicas de apoio educativo.
2. Organización educativa e posta en marcha de medidas adaptadas para dar resposta ás necesidades específicas que puidese presentar o alumnado.

Será, a partir dos informes cualitativos de final de curso e nas avaliacións iniciais, que se realizan no centro ao comezo de curso ademais das avaliacións periódicas trimestrais, onde basicamente, por parte dos equipos educativos, poderanse detectar e valorar as necesidades educativas do noso alumnado no caso de que estes presenten dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe. Os cambios de curso en E. Primaria e de etapa educativa, sobre todo o paso de E. Primaria a E. Secundaria, serán outros momentos importantes nos que haberá que valorar as necesidades dos



nosos alumnos e alumnas á hora de tomar decisións tanto para a permanencia dun ano máis no curso ou etapa como para a recomendación de cursar a optativa correspondente dos dous primeiros cursos de ESO.

No caso de que a problemática específica dun alumno ou alumna esixa unha intervención máis individualizada, será derivado para que se lle realice unha avaliación psicopedagóxica dende o Departamento de Orientación. Ao que lle corresponde:

1. Detección das necesidades educativas especiais dos alumnos e alumnas no aula aténdose ás dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe.
2. Formalización da Demanda de Avaliación Psicopedagóxica por parte do titor ou titora, segundo formulario que proporciona o D.O.
4. Realización da avaliación psicopedagóxica polo responsable do D.O. e elaboración do informe psicopedagóxico correspondente. Dos resultados da avaliación a orientadora informará ao titor/titora, ao alumno ou alumna e ás familias, que poderán solicitar por escrito á dirección do centro copia do informe psicopedagóxico (segundo as indicacións recollidas no *artigo 23.2 da Orde do 8 de setembro de 2021*).
5. Planificación das medidas educativas e aplicación das mesmas polo titor ou equipo docente coa colaboración do D.O.
6. Seguimento do programa adaptado.

Na concreción anual, dentro das necesidades máis importantes que destacamos sobre as que se precisa intervir no curso 2023/2024 e sempre en coordinación cos distintos programas e plans elaborados no centro son:

<b>NECESIDADES RELATIVAS AO CENTRO</b>	- Apoiar e potenciar a coordinación nas distintas etapas educativas (Infantil e Primaria) e de cursos entre si.
--	---

<p align="center"><b>NECESIDADES RELATIVAS AO ALUMNADO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Levar a cabo actuacións que teñan unha finalidade preventiva, como a identificación temperá de necesidades educativas.</li> <li>-Identificar e valorar as necesidades educativas do alumnado e de deseñar programas personalizados para darlles resposta.</li> <li>-Orientar titorialmente no relativo aos cambios de etapa (EI a EP i EP a ESO)</li> <li>-Aportarlle instrumentos adaptados ás súas necesidades educativas que lle faciliten o seu proceso de aprendizaxe.</li> </ul>
<p align="center"><b>NECESIDADES RELATIVAS AO PROFESORADO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dinamizar a función titorial.</li> <li>- Asesorar no relativo as medidas ordinarias de atención á diversidade: estrutura, organización e xestión da aula, metodoloxía, tmepos e instrumentos de avaliación, etc.</li> <li>- Colaboración no relativo á orientación académica.</li> <li>- Artellar medidas de atención á diversidade para dar resposta ao alumnado con N.E.A.E</li> </ul>

### 27.2.3. OBXECTIVOS

#### **OBXECTIVOS XERAIS:**

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa axeitada e de calidade para un desenvolvemento integral.
- Adaptar dita resposta educativa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Planificar respostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades educativas de cada alumno e alumna.
- Deseñar medidas xerais e específicas que permitan previr, detectar e tratar as dificultades no desenvolvemento de forma precoz.
- Establecer canles para a recuperación a través de estratexias de intervención, deseño de plans de reforzo educativo e asesoramento nas adaptacións curriculares.

- Coordinar o desenvolvemento de actividades de integración e promoción do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro para facilitar a resposta axeitada ao alumnado.
- Adoptar canles de colaboración entre os distintos membros que interveñen co alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Potenciar a acción tutorial e asesorar nas decisións relativas á avaliación do alumnado, especialmente en canto á promoción de cursos ou etapa. Fomentar a participación das nais e pais no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Establecer unha liña colaborativa con institucións ou organismos externos.
- Sensibilizar á comunidade educativa das necesidades educativas especiais.
- Mellorar a calidade da educación a través de formación permanente.

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

### CO ALUMNADO:

- Coñecer as características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado para favorecer a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Realizar a observación de condutas dos nenos e nenas a traveso de protocolos facilitados ao profesorado.
- Axudar a lograr o desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos alumnos e alumnas no grupo.
- Avaliar as aptitudes básicas para a aprendizaxe e coñecer as capacidades de cada alumno e alumna que permitan a elaboración do informe que sirva de base aos titores ou titoras na seguinte etapa educativa.
- Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudo e estratexias de traballo.
- Axudar ao alumnado na adquisición do autocontrol, dos valores axeitados e da resolución de conflitos por vías pacíficas.

### COAS FAMILIAS:

- Involucrar á familia no proceso de ensino aprendizaxe do alumno/a.
- Asesorar aos pais nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos/as.
- Fomentar a participación das familias por diversos medios que aporten información para unha mellor educación dos alumnos/as.

### COS PROFESORES:

- Lograr a súa colaboración nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización de reforzos ao alumnado con N.E.A.E.
- Elaborar un Plano de Acolida para o alumnado de novo ingreso.
- Establecer unha coordinación entre o paso de 6º de Ed. Infantil e 1º de primaria.
- Elaborar un Plan de TRANSICIÓN para o ingreso na E.S.O.
- Colaborar no desenvolvemento do Plano de Acción Titorial.
- Promover o traballo compartido e a innovación educativa.
- Potenciar a relación coas familias.
- Asesorar no deseño, seguimento e avaliación das A.C.I.s.
- Asesorar en materia de agrupacións e organización da aula.

#### CON RELACIÓN AO CENTRO:

- Elaborar as propostas do departamento de orientación e transmitilas aos membros da comunidade educativa.
- Revisar a estrutura do Plan de Orientación, especialmente no que se refire ás previsións para atención ao alumnado con N.E.A.E.

#### COAS INSTITUCIÓN DO ENTORNO:

- Establecer reunións periódicas co departamento de orientación do centro de secundaria ao que estamos adscritos, para lograr unha liña de actuación conxunta.
- Manter contactos cos servizos sociais do Concello cando sexa preciso.
- Establecer canles de colaboración con entidades, públicas e privadas, que poidan axudar á mellor integración dos nenos/as con N.E.A.E..

### **27.3 PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO**

Será prioridade para o noso centro a atención á diversidade do alumnado de maneira personalizada, tendo a prevención de dificultades como principio de actuación a través dunha atención temperá.

Segundo o establecido no *artigo 41 da orde do 8 de setembro de 2021*, as medidas de atención á diversidade comprenden unha serie de actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

A continuación recolleamos as medidas de atención á diversidade que se levarán a cabo no noso centro:

**Medidas Ordinarias:**

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Intervencións na linguaxe. Intervencións logopédicas, tanto de rehabilitación como de estimulación e prevención.
- Programas de habilidades e competencias sociais e emocionais.

**Medidas extraordinarias:**

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

## **27.4 CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO.**

### **27.4.1. LINEAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN**

En base ás necesidades observadas e ás propostas de mellora reflectidas na memoria do departamento (xuño 2023) establecemos os seguintes programas prioritarios de traballo:

**A nivel xeral:**

- Afianzar unha comunicación máis periódica co departamento de orientación do IES e valorar en conxunto as nosas prioridades de traballo e reconfigurar o plan de tránsito a Secundaria.
- Promover xuntanzas con orientadores/as da comarca para debater e establecer liñas comúns de actuación.

- Promover novas liñas de comunicación, participación e implicación das familias a nivel de escola e de centro.

### **A nivel de Atención á diversidade:**

- Buscar, seleccionar recursos e elaborar e adaptar material e estratexias, tanto para eliminar barreiras cognitivas como para mellorar a estruturación espazo-temporal e facilitar o desenvolvemento da competencia lingüística: apoios visuais ás aprendizaxes e a comunicación oral (comprensión e de expresión).
- Coordinar co IES un plan de intervención que garanta unha continuidade na atención educativa do ACNEAE que remata Primaria e inicia Secundaria: traspaso de información, acordos sobre o protocolo de información ás familias, atención educativa externa, Becas, derivacións ós servizos sanitarios..., informe final de etapa e informe do ACNEAE.
- Continuar unha liña de coordinación estreita cos servizos de atención externa: gabinetes psicopedagóxicos, UDIAF, USM....
- Establecer no horario semanal da xefatura do DO dúas sesións semanais para realizar observación sistemática en aula de todo o alumnado, co obxectivo de facilitar a detección de necesidades educativas.
- Levar a cabo unha proba de discriminación auditiva e capacidades cognitivas a todo o alumnado que remata a etapa de EI, coa finalidade de profundizar no coñecemento deste alumnado e prever dificultades na etapa de EP.

### **A nivel de Acción Titorial:**

- Promocionar unha liña colaborativa a nivel de centro compartindo ideas clave de cursos de formación.
- Adquirir, en colaboración coa biblioteca, máis recursos de orientación familiar.
- Propoñer actividades, talleres e obradoiros nas titorías sobre habilidades sociais e xestión emocional, consensuando estratexias enfocadas a mellorar a convivencia entre o alumnado.

## **27.4.2.- PLANIFICACIÓN NO APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE**

### **TAREFAS A REALIZAR NO CENTRO:**

- Participar no P.C. asesorando especialmente nos aspectos psicopedagóxicos e metodolóxicos.
- Fomentar a comunicación entre os distintos profesores/as, servizos sociais, gabinetes de reeducación externa e outras entidades co fin de favorecer o seguimento integral dos alumnos.

### **TAREFAS A REALIZAR CO PROFESORADO:**

- Asesorar sobre criterios metodolóxicos que poidan prever dificultades de aprendizaxe.

- Orientar sobre o xeito de intervir co alumnado de baixo rendemento.
- Asesorar sobre a realización de Adaptacións Curriculares.
- Asesorar sobre a avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Asesorar sobre entrevistas e reunións cos pais e nais.

### TAREFAS A REALIZAR CO ALUMNADO:

O Departamento de Orientación realizará tarefas de prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe:

- Colaborar na avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado.
- Intervención nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
- Colaborar coas titorías na elaboración dos programas de recuperación e reforzo.
- Aplicación de programas específicos: habilidades sociais, intelixencia emocional, autoestima, resolución pacífica dos conflitos, prevención de drogodependencias, educación para a igualdade, ...

### TAREFAS A REALIZAR COS PAIS/NAIS:

- Orientacións sobre o alumnado con N.E.A.E.
- Orientación sobre os procesos de ensino-aprendizaxe, de avaliación e seguimento educativo do alumnado.
- Axudarlles a coñecer o sistema educativo no que están inmersos os seus fillos e fillas.
- Orientar ás familias de xeito individual ou colectivo para que asuman de maneira responsable a educación dos seus fillos.
- Implicar aos pais e nais nas actividades de reforzo e apoio á aprendizaxe.

### 27.4.3.- PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO E PROFESIONAL.

<b>TAREFAS A REALIZAR NO CENTRO</b>	Facilitar que o centro asuma a responsabilidade da orientación académica e preparación para a vida activa do alumnado.
-------------------------------------	--

<b>TAREFAS A REALIZAR CO PROFESORADO</b>	Coordinar as opinións do equipo educativo e o titor/a á hora de elaborar as orientacións.
<b>TAREFAS A REALIZAR CO ALUMNADO</b>	Colaborar co titor/a no desenvolvemento harmónico da personalidade, facilitando o coñecemento de si mesmo e desenvolvendo a súa autoestima. Asesorar a toma de decisións sobre as opcións que se lle van presentar e orientalos de forma persoal.
<b>TAREFAS A REALIZAR COAS FAMILIAS</b>	Orientar academicamente ás familias, especialmente ao ACNEAE Implicar, en todo o posible, ás familias nos programas de orientación académica.

#### 27.4.4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN A ALUMNADO CON NEAE:

A atención ao alumnado con NEAE priorizarase en base aos criterios establecidos polo Departamento de Orientación que son os seguintes:

- Alumnado NEE con grandes necesidades educativas (discapacidade ou trastorno grave de conduta)
- Alumnado con AC.
- Alumnado do cal determine o Informe Psicopedagóxico que ten un desfase curricular importante.
- Alumnado NEAE que recibiu apoio o curso anterior en base ás súas necesidades, priorizando dende os cursos inferiores aos superiores.
- Alumnado con dificultades lingüísticas detectadas na Avaliación Inicial da mestra AL.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe (aqueles que non acaden os obxectivos educativos e as competencias clave establecidas nalgunha das áreas instrumentais).



## 27.4.5. CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN . TEMPORALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

Accións previstas	Axentes	Temporalización
Revisión de expedientes, recursos materiais, probas avaliadoras, documentos de xestión, informes, memorias... existentes no departamento e na sección de AL/PT.	Xefa do DO	1º Trimestre
Participación e asesoramento no Plan de Acollida ao novo alumnado e profesorado.	Xefa do D.O.	1º Trimestre
Análise e proposta sobre liñas formativas necesarias no centro	Xefa DO. Equipo directivo	Todo o curso
Constitución do Departamento de Orientación e establecemento do horario de xuntanzas. Análise de prioridades de actuación.	DO. Equipo directivo CCP	1º Trimestre
Participación na xuntanza inicial con familias por niveis: presentación.	Todo o equipo docente	1º Trimestre
Elaboración e presentación do Plan de actividades do DO	Xefa do DO	1º Trimestre
Deseño e aprobación das medidas de atención á diversidade: apoios, reforzos, horario mestras PT/AL/PROA+	DO / CCP Persoal implicado	1º, 2º e 3º Trim
Documentación e elaboración de recursos: Plan de Acción Titorial	DO / CCP Profesorado	1º, 2º e 3º Trim
Participación nas sesións de avaliación trimestrais	Xefa do DO / AL/ PT	Segundo calendario

	Profesorado implicado	
Coordinación co DO do IES	Xefa DO	Segundo convocatoria reunións
Seguimento do ACNEAE que cursa EI e EP	Xefa DO Profesorado	Todo o curso
Informes de seguimento do alumnado con NEAE obxecto de apoio e reforzo	Xefa do DO / AL / PT	1º e 3º trimestre
Xuntanzas de coordinación cos SS.SS do Concello (Cambados)	Xefa do DO	Segundo convocatoria
Elaboración de boletíns de presentación e recomendacións: estimulación da linguaxe oral, hábitos saudables, comportamento, convivencia ...	Membros do DO	Todo o curso segundo necesidades
Xuntanzas de coordinación co EOE, servizos de Atención Temperá e servizos de Logopedia, apoio externo...	Xefa do DO AL/ PTs - titores/as	Todo o curso
Asesoramento e intercambio de información co CFR, centros homólogos e centros de recursos da zona: UDIAF, gabinetes, etc.	Xefa do DO	Todo o curso
Potenciación da implantación do Plan de Convivencia	DO/ comisión de convivencia	Todo o curso
Realización e coordinación das avaliacións psicopedagóxicas que se consideren necesarias e	Xefa do DO Persoal implicado Familias	Todo o curso

proposta das correspondentes medidas de atención educativa.		
Elaboración, seguimento e avaliación dos programas de intervención para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	Xefa do DO AL, titores/as, persoal implicado	Todo o curso
Revisión, análise, recompilación e arquivo das disposicións legais pertinentes.	Xefa do DO	Todo o curso
Priorización e proposta de adquisición de material para o Departamento	Xefa do DO AL/PT	Todo o curso
Deseño e organización da observación ao alumnado con necesidades educativas e priorización de reforzos e apoios	Xefa do DO AL/ PT, profesorado	Todo o curso
Asesoramento ao profesorado e seguimento sobre os reforzos educativos e medidas de atención á diversidade	Xefa do DO / AL/PT	Todo o curso
Búsqueda documental e organización da biblioteca do departamento. Búsqueda e difusión de páxinas web relacionadas coas NEAE, a orientación aspectos organizativos e metodolóxicos	Xefa do DO Coordinadora Biblioteca	Todo o curso
Participación en xuntanzas dos órganos de coordinación docente	Xefa do DO CCP	Todo o curso
Realización de xuntanzas con familias, a nivel de departamento ou como apoio ás titorías.	Xefa do DO / AL /PT Titores/as	Todo o curso
Colaboración na dinamización da biblioteca escolar.	DO	Todo o curso



Colaboración no desenvolvemento do Proxecto de dinamización lingüística	DO	Todo o curso
Colaboración na elaboración da Memoria do centro	DO	3º Trimestre
Colaboración cos titores/as na elaboración dos informes finais de ciclo/etapa do alumnado con NEAE	Xefa do DO	3º Trimestre
Colaboración na avaliación do alumnado que remata EI e EP	Xefa do DO Titor/a	3º trimestre
Elaboración e derivación dos informes do alumnado con NEAE que remata Educación Primaria.	Xefa do DO	3º Trimestre
Elaboración dos informes de seguimento do alumnado con NEAE, atendidos polo departamento: apoio, reforzo, observación...	Xefa do DO AL / PT	3º Trimestre
Realización da previsión de alumnado con NEAE e dos recursos necesarios para o vindeiro curso.	DO, E Directivo CCP	3º Trimestre
Análise do ACNEAE que promociona a Secundaria de cara á provisión dos recursos educativos necesarios.	Xefa DO DO IES F. Asorey	3º Trimestre
Colaboración na proposta de agrupamento do alumnado que se incorporará a 1º da ESO e nas xornadas de convivencia do alumnado de 6º de EP co IES (Xuño)	DO / TITORÍAS P ESPECIALISTA X Estudos e DO do IES	3º Trimestre
Realización da avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade e do Plan de acción titorial	DO / CCP	3º Trimestre
Avaliación do Plan de orientación	DO	3º Trimestre

Redacción da Memoria Final do Departamento	Xefa de DO	3º Trimestre
Revisión das contas do orzamento do Departamento. Inventario.	Xefa do DO	3º Trimestre
Elaboración de resumos estatísticos que a Consellería reclama: DRDadí, DRDorienta, resumos ANEAE, etc.	Xefa do DO	Segundo demanda
Información relacionada coa orientación que demande a Inspección	Xefa do DO	No prazo da demanda

#### 27.4.6.- CALENDARIO DE REUNIÓN

Semanalmente, reuniranse e coordinaranse a mestra especialista de A.L., a mestra especialista de P.T. e a orientadora, coa finalidade de facer un seguimento periódico dos apoios e demais demandas ao departamento.

Por outro lado, a mestra de A.L. e a mestra de P.T. manterán contacto cos titores/as do alumnado que atenden e reciben apoio, para coordinar o traballo así como para avaliar e valorar as súas aprendizaxes e tratar de unificar os criterios de intervención nos casos dos alumnos/as que reciben apoio por parte dos mestres/-as especialistas.

Mensualmente establécense xuntanzas dos diferentes membros que constitúen o Departamento de Orientación, coa finalidade de axustar as medidas de atención á diversidade e intercambiar información respecto aos correspondentes plans de intervención do alumnado. Estas xuntanzas serán o primeiro martes de cada mes, coincidindo coa reunión da CCP.

Tamén, se desenvolverán as reunións trimestrais establecidas entre o orientador/-a do IES e a orientadora do CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro coa finalidade de achegar ambas as dúas etapas educativas, organizar actividades conxuntas, entre outras accións.

#### **PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE**

No curso 2023/2024, no centro educativo, contamos cos seguintes profesionais para á atención ao alumnado con NEAE: mestra especialista en Pedagogía Terapéutica, mestra especialista en Audición e Linguaxe (compartida co CEIP de San Tomé) e Orientadora (compartida co CEIP de Corvillón).

## AVALIACIÓN

Os criterios que van guiar o proceso de avaliación da actividade realizada polo Departamento de Orientación, serán:

- Grao de consecución dos obxectivos e das accións prioritarias propostos.
- Grao de cumprimento dos acordos establecidos nas reunións.
- Grao de adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- Adecuación da temporalización das actividades programadas.
- Grao de participación de todos/as os/as responsables no desenvolvemento das actividades.
- Nivel de consenso acadado no centro en torno ás propostas realizadas.
- Grao de integración das actividades do DO na dinámica xeral do centro.
- Grao de satisfacción dos/as implicados/as.
- Obxectivos acadados non previstos inicialmente.

Co obxecto de establecer a recollida de datos tomaranse coma fontes de información a opinión persoal dos implicados/as, a avaliación de cada actividade concreta, revisión das actas das xuntanzas do departamento e cuestionarios e/ou entrevistas deseñados a tal efecto.

Ademais, contemplaranse os tres momentos indispensables en todo proceso avaliativo:

- Avaliación Inicial, constituída pola avaliación das necesidades. Teremos en conta a Memoria anual do departamento de Orientación do curso anterior.
- Avaliación Formativa, realizada ao remate de cada actividade e que permitirá a toma de decisións no transcurso do proceso. Unha vez ao trimestre revisarase o plan de orientación para comprobar o grado de consecución dos obxectivos e actividades para posibles cambios e reaxustes.
- Avaliación Final, levarase a cabo ao final do curso e os seus resultados incluíranse na Memoria Anual, de xeito que sirvan como punto de partida para a redacción no seguinte curso do Plan, mantendo algúns aspectos e modificando aqueles que se considere preciso.

## 28.PLURILINGÜISMO

### 28.1.COORDINADORES

M<sup>a</sup> Carmen Peña Muñiz coordinadora do centro plurilingüe,pluriinfantil e da auxiliar de conversa.

**OFERTA ( CENTROS PLURILINGÜE, PLURINFANTIL)**

<b>MATERIA</b>	<b>CURSO</b>	<b>Nº ALUMNADO</b>	<b>PROFESORADO</b>	<b>COORDINADORA</b>
PLÁSTICA PLURIIINFANTIL	INFANTIL3,4,5 ANOS	40	J.Antonio Aragunde	Mª Carmen Peña Muñiz
PLÁSTICA PLURILINGÜE	1º	21	Cruz Alfonso Laya	Mª Carmen Peña Muñiz
PLÁSTICA PLURILINGÜE	2º	23	Leticia Riveiro	Mª Carmen Peña Muñiz
PLÁSTICA PLURILINGÜE	3º	23	Rocío	Mª Carmen Peña Muñiz
PLÁSTICA PLURILINGÜE	4º	16	Rocío	Mª Carmen Peña Muñiz
PLÁSTICA PLURILINGÜE	5º	18	Leticia Riveiro	Mª Carmen Peña Muñiz
PLÁSTICA PLURILINGÜE	6º	21	Mª Carmen Peña Muñiz	Mª Carmen Peña Muñiz

**28.2 MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE**

Atendendo a estes tres ámbitos:alumnado,profesorado(CLIL e non CLIL) e centro,poderíamos sinalar o seguinte:

**Alumnado:**

Valorar na área de lingua estranxeira a evolución do alumnado tanto na comprensión coma na expresión oral.

Acercar o alumnado á cultura Británica e americana, pois os auxiliares que tivemos en anos anteriores eran de U.S.A. Os dous últimos era de Inglaterra. Este ano contamos con Maria Teresa Cushing de Pensylvania.

No entorno do noso centro resulta moi positivo para o alumnado atopar a necesidade de empregar o inglés en situación cotiás e reais. Para iso é fundamental a presenza do auxiliar de conversa.

### **Profesorado:**

Posibilidade de empregar o idioma diariamente cunha persoa nativa coas vantaxes que isto supón.

O profesorado CLIL dispón da oportunidade de coñecer vocabulario máis actual e de uso cotiá.

Nas sesións de coordinación empregarase o idioma inglés como lingua de uso frecuente e valoraremos a nosa propia evolución.

### **Centro:**

A presenza do auxiliar de conversa permite coñecer e comparar a nosa cultura coa súa, a través de festexos, xogos populares e outras actividades lúdicas.

Para avaliar o plan pluriinfantil e o plurilingüismo teremos en conta os seguintes aspectos:

- ✓ Análise das notas na área de lingua inglesa (competencia oral)
- ✓ Análise das notas nas subcompetencias de comprensión e expresión oral.
- ✓ Valorar a actitude do alumnado cara a lingua e cultura inglesas.

### **28.3 MECANISMOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA**

No caso do auxiliar de conversa o principal mecanismo de seguimento e avaliación será o grao de cumprimento do seu horario, o compromiso co alumnado e profesorado implicándose en tódalas actividades propostas polo centro e a coordinación cos mestres/as que participan no programa (**Anexo V**. Horario do auxiliar de conversa).

Na memoria final recolleranse propostas de mellora de cara ao vindeiro curso.

### **29. PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA. CONCRECIÓN ANUAL**



Coordinadora:Luisa Mallo

- No noso centro contamos cun Plan de convivencia(que está sendo modificado). A pesar de que o noso centro é un centro tranquilo e sen problemas graves de convivencia, consideramos necesario renovar o plan para adaptalo aos novos tempos e situacións novas as que nos temos que enfrentar. Para este curso deixamos o Plan de Convivencia incluído nas NOFC . Éste é un documento que estamos reelaborando e ademais temos pendente a aprobación NOFC POLO CONSELLO ESCOLAR.

Podedes obter máis información sobre o plan de benestar polo que nos guiaremos este ano, no seguinte enlace:

[https://drive.google.com/drive/folders/1KwP-Wo\\_XyRrxjV\\_2tKZXEpGXOSkq3Lv0](https://drive.google.com/drive/folders/1KwP-Wo_XyRrxjV_2tKZXEpGXOSkq3Lv0)

- **Anexo IV(PLAN CONVIVENCIA)**

### 30.CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

**Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:**

#### 1. Organización do centro:

1. Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
2. Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.
3. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
4. Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
5. Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades e documentos do centro.
6. Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
7. Visibilizar ás mulleres ao longo da historia e actualmente, poñendo de relevo as achegas de mulleres na ciencia, a tecnoloxía, o deporte, a literatura, a filosofía, etc.
8. Reordenar os espazos no centro educativo, os patios de recreo, as actividades extraescolares e complementarias.

#### 2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión de valores e saberes.

1. Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, etc.
2. Revisar o material didáctico empregado na aula: valores, normas, representacións,

- selección de contidos, das personaxes, etc.
3. Previr a violencia machista, máis alá dos actos do 25 de novembro, traballando desde todas as áreas e materias para transmitir o bo trato fronte ao maltrato.
  4. Realizar actividades de sensibilización na aula.
  5. Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

### 3. **Xestión de espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

1. Difundir información a través do taboleiro do centro.
2. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
3. Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
4. Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
5. Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real.
6. Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
7. Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
8. Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa.

### 4. **Inclusión dos valores co-educativos na xestión da convivencia escolar.**

1. Promover o respecto e o bo trato entre homes e mulleres.
2. Promover as actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente, etc.
3. Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
4. Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
5. Promover a co-responsabilidade na realización das tarefas.

## 2. **Actuacións prioritarias:**

De todas as medidas das que falamos anteriormente, faremos unha cronoloxía das actuacións prioritarias ao longo do curso:

Setembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Nomeamento dun mestre ou mestra responsable de igualdade no centro. De non formar parte do consello escolar, se nomeará tamén unha persoa do consello escolar como responsable de igualdade deste organismo.</li> </ul>
Outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Organización do patio para crear espazos inclusivos e diversos.</li> <li>● 22 outubro día da Nena. Acto na biblioteca de Cambados, onde asistiu todo o alumnado de infantil do Concello de Cambados</li> </ul>

Novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 25 de novembro. Celebración do Día Internacional contra a violencia de Xénero. Exporanse carteis reivindicativos.</li> </ul>
Decembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación dende a Biblioteca do centro dunhas recomendacións en relación a xoguetes e libros non sexistas.</li> </ul>
Xaneiro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Talleres e actividades por determinar</li> </ul>
Febreiro	
Marzo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 8 de marzo. Celebración do Día Internacional da Muller</li> </ul>
Abril, maio, xuño	Charlas, talleres, role- plays, debates, programas de radio, etc.

**Outras actuacións prioritarias dende os diferentes departamentos do centro son os seguintes:**

#### **Equipo directivo:**

- Responsabilizarse de que os diferentes documentos do centro, as publicacións en redes sociais e as notificacións ás familias e ao resto da comunidade educativa se fagan desde unha linguaxe inclusiva.
- Promover a co-responsabilidade entre nenos e nenas en todas as tarefas, celebracións e diferentes actividades que se realicen no centro.

#### **Biblioteca Escolar:**

- Dotación dun espazo con fondos que promoven a igualdade entre homes e mulleres.
- Organización da Biblioteca no que se crean espazos nos que nenos e nenas teñan cabida como son: “Dálle que dálle”, Radio-Estrela, Impresora 3D, etc.
- Visibilización do papel da muller en diferentes ámbitos da vida, coa adquisición de materiais onde se recollan as súas achegas e aportacións.

#### **Acción tutorial:**

- Realizar actividades trimestrais de sensibilización e reflexión dende a aula relacionadas coa igualdade entre homes e mulleres e a eliminación de estereotipos de xénero.
- Análise de diferentes tipos de textos, anuncios publicitarios, noticias, dende unha perspectiva de igualdade.
- Facer reflexionar ao alumnado sobre diferentes situacións da vida cotiá onde se poidan apreciar actitudes sexistas ou micro-machismos, analizando o porqué e enfocando a situación dende un punto de vista igualitario.
- Propoñer debates e intercambio de ideas e opinións sobre situacións cotiás que afectan

directamente ao alumnado.

### Departamento de Orientación:

- Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas propias da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc ).
- Desenvolver actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc), a través do Plan Director.
- Elaboración dun protocolo de actuación para dar resposta a posibles casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Facilitar información sobre materiais didácticos co-educativos que poidan ser adquiridos polo centro.
- Realizar publicacións divulgativas co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- Coordinación con servizos sociais para informar de posibles casos de alumnado vítima de violencia de xénero ou de persoas que vivan nos seus fogares, no caso de ter coñecemento no centro desta situación.

### 3. Seguimento e avaliación.

Coa finalidade de identificar os resultados obtidos e valorar o grao de consecución dos obxectivos debemos determinar uns criterios e uns mecanismos de avaliación para o devandito proxecto.

Así, exporemos un sistema de avaliación que nos permita, non só, recoller o progreso de cada alumno/alumna en materia de igualdade, senón tamén o progreso de todos os axentes participantes e sobre todo o progreso das actuacións co-educativas expostas no proxecto.

No noso proxecto distínguense dous aspectos fundamentais a avaliar: a adquisición e o logro dos obxectivos primordiais, por parte de todos os sectores implicados (profesorado, alumnado e familias); e o interese, a participación e o esforzo levado a cabo, constituíndo estes dous aspectos os referentes da nosa avaliación.

As técnicas que utilizaremos para avaliar serán a observación directa e a análise desde unha perspectiva de xénero da vida no centro a todos os niveis: aulas, recreos, tempos de biblioteca, actividades extraescolares, comedor, etc.

Esta observación e análise será recollida e avaliada, en alomenos, un claustro e un consello escolar ao longo do curso.

### 31.PLAN PROXECTA +

**Coordinador:**Cibrán Carballa Pereira

Profesorado participante:todo o claustro

Alumnado participante:todo o alumnado.

Os plans proxecta que se solicitaron para este curso son os que seguen:

- Nutriescolas 1 (primaria)
- Recurso opcional - Froita na escola (infantil e primaria)
- Recurso opcional - Máis alá do prato (infantil e primaria)
- Nutriescolas 0 (infantil)
- Recurso opcional - Lácteos na escola (infantil e primaria)

Proxecto de vida activa-PVDA:

- DAFIS
- PVDA
- Milla diaria
- XOGADE

Estos proxectos teñen como obxectivo promocionar no alumnado do noso centro un estilo de vida saudable a nivel de actividade física e alimentación.

### 32.CONTRATOS PROGRAMA

#### CPINCLÚE

Os obxectivos que perseguimos con este plan son:

Eliminar estereotipos sexistas, así como as desigualdades entre homes e mulleres, que seguen transmitíndose de xeración en xeración na nosa comunidade.

- Desenvolver na escola valores que fomenten a igualdades entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero. Propiciando dinámicas para sensibilizar, identificar e rexeitar situacións de abuso e discriminación por calquera motivo (orientación sexual, condición social, estética elexida, etc.)

O centro comprométese a desenvolver as seguintes actuacións:

- Mellorar o clima de convivencia de aula e centro a través da potenciación de axeitadas relacións baseadas no respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos e en risco de exclusión social.
- Dar ferramentas ao alumnado relacionadas coa xestión emocional, a empatía, o respecto, de cara a activar neles unha serie de valores que favorezan a inclusión de todo o alumnado e melloren o seu estado emocional.
- Converter a educación emocional nun eixo transversal no noso centro:
  - a) Traballando a identificación e a expresión emocional.
  - b) Afondando na empatía, autoestima, autocontrol e toma de decisións do alumnado.
  - c) Desenvolvendo as habilidades de interacción, autoafirmación e oposición asertiva do alumnado.

## **QUÉDA-T**

No último curso tivemos varios casos de falta de puntualidade regular, o que afectaba en gran medida a nivel emocional e de autoestima ao alumnado en cuestión. Chegar tarde lles xeraba moita vergoña e facía que se bloqueasen ata que pasaba un tempo e xa se ían relaxando.

As medidas adoptadas son:

- Manter reunións coas familias e abrir o protocolo de absentismo se fose necesario.
- Elaborar dípticos informativos para as familias nos que se reflicta a importancia da puntualidade na vida dende a infancia.
- Levar a cabo na aula debates/asambleas para reflexionar sobre o tema e facer consciente ao alumnado da importancia de asistir ao centro educativo con regularidade e puntualidade.
- Mellorar, si cabe, o clima do noso centro para facer máis apetecible a asistencia.

## **IGUALA-T.**

### **Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:**

Obradoiros para traballar a educación afectivo-sexual, a igualdade de xénero e oportunidades entre homes e mulleres, o respecto polas diferentes identidades de xénero, estéticas, etc.

- Charlas, talleres, role plays, debates, etc.
- Elaboración de programas de radio relacionados con esta temática que terán difusión a nivel de centro e que contarán con entrevistas a personaxes influentes, debates en directo, enquisas entre o alumnado e familias, etc.
- Participación nos programas e actividades que organice a concellería de igualdade, relacionados con esta temática.

## **CONVIVE-T**

## **Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:**

Obradoiros de mediación e resolución pacífica de conflitos na aula, a través de actividades experienciais, role plays, dinámicas de grupo, reflexións escritas, etc. Traballando temas e estratexias para separar o problema da persoa, escoita activa, non discriminar a alguén por un problema puntual, chegar a acordos de maneira conxunta...

- Debates, escenificacións, diálogos, acordos de normas de convivencia, etc.
- Elaboración de trípticos informativos e pautas para as familias sobre a educación emocional.
- Talleres baseados nos xogos de mesa: xadrez, damas, scrabble, trivial, etc.

## **INCLÚE-T**

### **Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:**

Dende o centro consideramos que o recreo é o mellor momento para que todo o alumnado se sinta incluído e querido. Como nos anteriores cursos, seguimos desenvolvendo os recreos divercreativos, con actividades, entre :

- Ampliar os espazos dinámicos e diversos no patio, onde teña cabida todo o alumnado sen importar as súas características físicas, emocionais, sociais, etc.
- Seguir dotando as diferentes zonas do patio de recursos diversos, xogos e elementos que favorezan a colaboración, a creatividade e a diversión do alumnado.
- Ofrecer xogos e actividades multiedadade, que se presten á convivencia e xogo de alumnado de diferentes niveis educativos.

Asemade, levaremos a cabo talleres e charlas que terán como núcleo temático o respecto pola diversidade de todo tipo: sexual, afectiva, estética, familiar, etc. Xa que consideramos que a escola debe ser un espazo de inclusión no que se respecte a diversidade e se entenda como unha fonte de enriquecemento para a convivencia.

## **EMOCIONA-T**

### **Medidas para o desenvolvemento desta modalidade:**

Dende este centro consideramos a escola non un edificio onde estudar e traballar senón un lugar onde facer amigos, convivir, sentir, rir, compartir, etc. Esta escola será mellor na medida en que todos e todas os/as que formamos parte dela aportemos o mellor de nós para crear un ambiente no que as emocións sexan o xerme de todas as actuacións. Nunha escola na que se respire ledicia, compañeirismo, solidariedade... Será unha escola na que será moi doado estudar e traballar. Participaremos no programa edu responsable. Por iso, levaremos a cabo actuacións como por exemplo:

- Talleres de teatro co obxectivo de dar renda solta ás nosas emocións.
- Podcasts e programas de radio nos que os alumnos e alumnas poidan expoñer e compartir as súas inquedanzas, experiencias, saberes, etc.
- Actividades de relaxación durante as sesións de psicomotricidade na etapa de EI e nas sesións de E.F. na etapa de EP.
- Talleres de xestión emocional impartidos por profesionais que colaboran co noso centro.
- Todas as programacións didácticas dos nosos titores inclúen actividades para traballar habilidades emocionais.
- A música e o arte como fonte de expresión emocional.

## **CP INNOVA**

### **Xustificación do plan de mellora**

No noso centro estamos levando a cabo estes programas dende fai varios cursos cun resultado moi positivo. Seguimos a buscar que o noso alumnado achegue as matemáticas a súa vida cotiá a través de actividades que lles sexan significativas e baseadas en contextos reais; potenciando o talento académico a través de medidas innovadoras como ensinanza plurilingüe dende os 3 anos cun auxiliar de conversa inglés, a radio escolar, robótica, polos creativos... Por outra banda tamén estamos fomentando hábitos de vida saudables, a responsabilidade e o coidado do medio ambiente, coas eco-patrullas, co fin de que estas medidas causen impacto no alumnado e o xeneralicen a súa vida cotiá. Así como tamén medidas para a mellora da xestión educativa e administrativa do centro.

### **EDUINNOVA:**

#### **Medidas a desenvolver nesta modalidade**

Competencia matemática: levámola a cabo a través das matemáticas vivenciais e manipulativas.

-Comunicación lingüística: desenvólvese a través das aportacións de todo o alumnado para o xornal dixital e a radio escolar.

-Competencias básicas en ciencia tecnoloxía e enxeñaría: a través da robótica, impresora 3D, M-bots, polos creativos, legoleague...

-Competencia dixital: 1º, 2º, 3º e 4º EP seguir mellorando no manexo da nosa aula virtual; 5º e 6º EP seguir millorando no manexo da plataforma Edixgal.

-Competencia plurilingüe. Seguir promovendo a asistencia a obras de teatro e outras actividades en inglés, ademais das actividades propostas no noso centro tanto polo profesorado de inglés coma pola auxiliar de conversa.

### **EDUEXCELENCIA :**



O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito do coñecemento. Todo o profesorado e alumnado.

### **Medidas a desenvolver**

-Participaremos na Lego-League con varios grupos de alumnado. Temos que financiar a participación e a viaxe a Ferrol coas familias en autobús.

-Seguiremos potenciando o uso de todo o material de polos creativos que temos no centro,e iremos comprando máis.

### **EDUSAÚDE:**

O centro como dinamizador de hábitos de vida saudables.Para todo o profesorado e alumnado.

### **Medidas a desenvolver**

Neste curso curso imos seguir levando a cabo diferentes actuacións que favorezan a motivación pola actividade física tanto dentro coma fóra do horario lectivo;así como promover os bós hábitos alimenticios entre o alumnado.Para isto seguiremos levando a cabo un programa de psicomotricidade para EI.,no cal cinco días a semana traballaranse rutinas diarias de movemento fundamental para un desenvolvemento neurofuncional adecuado.Continuando co alumnado de EP.

Seguiremos este ano co carné saudable que leva consigo tres modalidades:por unha banda a alimentación saudable tanto no patio coma na casa,dándolles a coñecer novos alimentos e formas de preparalos.(participando no Proxecta alimentos ou colaborando co FOGGA no reparto de froita e leite).Por outro lado a práctica da actividade física dentro do horario lectivo coa participación nos patios dinámicos ou na milla diaria,así coma nos intercambios de clase e clase.

Finalmente a práctica deportiva fóra do horario lectivo como apadriña a un sedentario (que consiste en sacar a pasear a un membro da túa familia) implicando aquí a toda a comunidade educativa; participando en carreiras, andainas, días de visita a algún club de deporte da localidade.

Tamén practicando unha labor social como sacar a pasear aos cans do refuxio do noso pobo. Ademais darase a coñecer ao alumnado diferentes formas de ocupar o seu tempo libre coa participación no programa XOGADE (coñece o meu club).

### **EDUSOSTIBILIDADE:**

O centro educativo comprometido cos obxectivos de desenvolvemento sostible(ODS).

### **Medidas a desenvolver**

-Posta en marcha do composteiro escolar despois das vacacións de verán,coma todos os cursos.

-Continuación co programa "recreos residuos 0" para reducir o número de envases de plástico de un só uso entre o noso alumnado.

-Continuar coas patrullas de reciclaxe.As ecopatrullas.

-Patrullas de limpeza do patio.

-Continuar co estudo das árbores no noso patio,temos máis ce 100 especies diferentes nunha extensión de 7800 metros cadrados.

-Aumentar o espazo adicado ao horto escolar,abonado co compost que obtemos no noso composteiro.Este ano aumentaremos o horario adicado a horta con talleres onde participará todo o alumnado e profesorado.A intención e conseguir unha economía circular e que o alumnado e as familias o experimenten.

### **EDUCALIDADE:**

O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo,de xestión e de funcionamento.

### **Medidas a desenvolver**

-Seguir adaptando,a web do noso centro para informar a nosa comunidade educativa das actividades que imos levar a cabo.

-Convertir a web nunha ferramenta para as familias na xestión de determinados procedementos que se realizan nun centro educativo: xustificación de faltas, solicitudes de admisión, solicitude fondo libros...

-Crear un espazo na web para que as familias poidan decargar todos aqueles documentos necesarios para os diferentes procesos administrativos que se deben executar: admisión, matrícula...

## **33.OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO**

### **PLAN RECUPERA-T :PROA+:**

Ten a finalidade de lograr o éxito educativo a través do reforzo apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel alumnado vulnerable que,por diferentes causas non acadase os obxectivos e as competencias establecidas para o nivel correspondente.

Dentro deste plan de recuperación está o PROA +: temos unha docente especialista en PT a tempo parcial ata o 15 de xuño.Dita mestra vai facer reforzo nas aulas de 3º,4º,5º e 6º.

### **PLAMBE:**

Coordinadora: Rosario Vilas Galiñanes

Plan de mellora das bibliotecas escolares.

- Desenvólvese ao longo de todo o curso.
- As actividades a desenvolver son as que aparecen no apartado 22.

### **VOZ NATURA:**

Coordinadora:Cruz Alfonso Laya

Para seguir a crear no alumnado condutas responsables co medio ambiente, así como desenvolver proxectos relacionados coa horta escolar.

## **POLOS CREATIVOS.**

Coordinadora: Cruz Alfonso Laya

O noso centro foi seleccionado para traballar cos polos creativos dende o curso pasado. Este ano para temos talleres interciclos de 2 horas de duración todos os venres-

## **OBSERVA ACCIÓN.**

Coordinadora :M<sup>a</sup> Carmen Poza Fariña

Con este proxecto un grupo de mestras do noso centro levarán a cabo un desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais”, durante os cursos escolares 2023/24 e 2024/25, tanto a nivel autonómico, como nacional e internacional.

Tratarán de:

- Experimentar novas vías de formación do profesorado e favorecer a mellora nos centros educativos de Galicia, así como a colaboración con centros doutras comunidades autónomas e/ou países de ámbito europeo.
- Facilitarlles ao profesorado e aos membros do equipo directivo dun mesmo claustro a posibilidade de observar de forma directa metodoloxías nos procesos de ensino-aprendizaxe, xeitos de relación e comunicación ou vías de xestión.
- Fomentar o traballo en equipo de grupos de profesores/as cun interese común, incluíndo a observación activa da práctica docente, establecendo así vías de comunicación para o intercambio de boas prácticas, a reflexión, a formación metodolóxica sobre aspectos innovadores nos procesos organizativos e didácticos e a realización de proxectos de forma conxunta.
- Favorecer a apertura e internacionalización dos centros educativos, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo proxectos con outras comunidades autónomas e/ou países, e fomentando a integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa propia práctica docente.
- Aplicar e adaptar protocolos de observación de práctica docente e potenciar accións metodolóxicas innovadoras para a mellora dos procesos de aprendizaxe do alumnado

**Este curso 23/24 centrarémonos na liña de traballo Convivencia e inclusión.**

- Determinaremos accións para a mellora da convivencia positiva e benestar emocional.
- Estableceremos maior fluidez nas relacións coas familias.
- Implementar prácticas coeducativas.
- Fomentar hábitos e estilos de vida saudables.

- Observación do tránsito dende infantil a primaria.

**EDU-RESPONSABLE.**

COORDINADORA : M<sup>a</sup> de los Angeles Ramos Calvelo

Este curso estamos inmersos neste proxecto onde imos afondar aínda moito máis na educación emocional de toda a nosa comunidade educativa.

Para elo contaremos cunha serie de formacións e actividades que podemos consultar no enlace seguinte.

<https://docs.google.com/document/d/1bDPMYmR0gXqO16ewr7tzqViNQkHFdZKE/edit>

**PLAN DIRECTOR:**

Promovido pola delegación do goberno en Galicia.

Ten como obxectivo a mellora da convivencia e da seguridade nos centros educativos e a súa contorna.

Para elo durante o 2º trimestre impartirannos charlas ao alumnado do 3º ciclo de primaria sobre:

TEMÁTICA	IMPARTIDAS POR
PROTECCIÓN NATUREZA	(SO G.C.-SEPRONA)
ACOSO / CIBERACOSO ESCOLAR	Por determinar
SEGURIDADE VIARIA	SO G.C. TRÁFICO

**34.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO**

O colexio está formado por un edificio principal emprazado no lugar de Sineiro que conta con seis unidades de Educación Primaria e 3 unidades mixtas de Educación Infantil.

Este edificio ten máis de 40 anos. Aceptando que o trato de uso foi sempre correcto, é unha razón de tempo a que fai que moitos dos seus servizos quedaran obsoletos e caducos.

Facendo unha análise dos obxectivos que nos marcamos a nivel de instalacións, dámos unha idea clara de que a **avaliación das instalacións do centro** nos falan de necesidades relacionadas con:

- Remate do cambio de ventás.
- Renovación dos baños do alumnado e profesorado en ambas plantas.
- Cambio de radiadores.
- Arreglar o pabellón cuberto
- Facer un comedor escolar en condicións hixiénicas óptimas para o noso alumnado.
- Mellorar a coordinación co concello para que se faga cargo, dun xeito máis óptimo, do mantemento do recinto escolar.
  - Limpeza periódica do pavillón cuberto.
  - Poda anual das árbores do patio.
  - Corte da herba do patio tres veces ao ano, ao inicio de curso e marzo e ao final do curso.
- Seguir a solicitar aquelas obras pendentes de cursos pasados:
  - Construir a rampa na entrada para a biblioteca
  - Renovación das tubarias de auga.
  - Limpeza das alcantarillas. Das canaletas da auga
  - Remate do peche do patio. Vixilancia da maleza da finca colindante.
  - Pintado do aparcamento para delimitar as prazas para optimizar o uso.
  - Arranxo da balaustrada que baixa ao patio de infantil. Adecentar esa baixada.
- **Avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado:**

No calendario escolar que planificamos a inicio de curso están establecidas unha serie de datas adicadas a avaliación do alumnado. Tamén se realiza a avaliación inicial a principios de outubro: As datas para estas avaliacións son as que seguen:

- 1º trimestre:
  - Avaliación Inicial: 10 e 17 de outubro.
  - 1ª Avaliación: 12 e 19 de decembro.
- 2º trimestre:
  - 2ª Avaliación: 12 e 9 de marzo.
- 3º trimestre:
  - 3ª Avaliación: 24 de xuño.

Ademais destas avaliacións do equipo do profesorado, cada mestra e cada titora, farán as avaliación individuais do alumnado. Tamén se realizarán todas as avaliacións de diagnóstico que lle correspondan por lei.

- **Avaliación dos procesos de ensinanza do profesorado:**

Utilizaremos tamén as sesións de avaliación e as reunións de ciclo para avaliar a nosa práctica docente, así como a análise dos resultados das avaliacións do alumnado.

- **Avaliación do equipo directivo:**

A través da observación e análise dos claustros e consellos escolares, así como de outras reunións de profesorado do centro, avaliaremos o funcionamento do equipo directivo e modificaremos as nosas decisións en función desta análise.

Vilariño-Cambados a 30 de outubro de 2023